


# Conectar a Diáspora á Acción Exterior de Galicia



# Conectar a Diáspora á Acción Exterior de Galicia

## DIRECCIÓN:

**Daniel González Palau**, Director do IGADI.

## EQUIPO IGADI:

**Diego Sande**. Secretario e Coordinador Liña de investigación en Economía.

**Serafín Pazos**. Coordinador Liña de investigación en Unión Europea.

**Carlos Pazos-Justo**. IGADI-Observatorio Galego da Lusofonía.

**Facundo Reyna Muniain**. IGADI-Observatorio das Diásporas.

## COLABORADORES SOCIEDADE CIVIL:

**Pilar Ansede**. Presidenta do Centro Galego de Barcelona.

**Karan Novo**. Festival Emigrason.

**Paula Sabajanes**. Galegas na Diáspora.

**Manuel Martínez Justo**. UNAM México.

**Arantxa Fernández Crespo**. Cátedra da Lingua galega na Universidade da Habana.

**Antonio Corbacho**. Asociación Internacional de Estudos Galegos.

**Eduardo de Martís**. Galicia Latente.

## COLABORADORES INSTITUCIONAIS:

**Antonio Rodríguez Miranda**. Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

**Victor Manuel Baladrón Lamas**. Responsable de Emigración do PPdeG no Parlamento galego.

**Ana Miranda**. Eurodeputada do BNG no Parlamento europeo.

**Paloma Castro Rey**. Responsable de Emigración do PSdeG no Parlamento galego.

DIAGRAMACIÓN: BREQ.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN: Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI. / The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

A edición deste informe contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



# Índice

---

## 1. Presentación: Conectar a diáspora á Acción Exterior de Galicia.

Daniel González Palau, Director do IGADI.

### 1.1. Equipo Informe Nós No Mundo 2023-2024

### 1.2. 33 Anos do IGADI

---

## 2. O papel da emigración galega na proxección internacional de Galicia: Unha oportunidade desde os centros físicos á diplomacia dixital.

Antonio Rodríguez Miranda, Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

---

## 3. Sempre en segundo plano.

Pilar Ansede, Presidenta do Centro Galego de Barcelona.

---

## 4. Novos retos para a diáspora galega.

Victor Manuel Baladrón Lamas, Portavoz de Emigración do PP de Galicia no Parlamento Galego.

---

## 5. A Galiza global conectada a nosa acción exterior.

Ana Miranda, Coordinadora de Relacións Internacionais do BNG e Eurodeputada na X lexislatura do Parlamento Europeo.

---

## 6. Emigración e inmigración: dous puntais fundamentais sobre os que construír a Galicia do futuro.

Paloma Castro Rey, deputada do Partido Socialista de Galicia e voceira da área de Política Exterior e Emigración no Parlamento galego.

---

## 7. O papel da diáspora galega como axente de desenvolvemento e modernización da economía.

Diego Sande Veiga, Coordinador da Liña de investigación en Economía do IGADI e profesor da Universidade de Santiago de Compostela.

---

---

## 8. O asociacionismo galego en Bruxelas: banco de probas do futuro da galegitude.

Serafín Pazos, Coordinador da Liña de investigación en Unión Europea do IGADI

Karan Novo, economista e representante do Festival Emigrason.

---

## 9. Os Lisboanos na agenda galega em/para Portugal.

Carlos Pazos, investigador asociado do IGADI-Observatorio Galego da Lusofonía e profesor da Universidade do Minho.

---

## 10. O papel das galegas e galegos de Arxentina.

Facundo Reyna Muniaín, investigador asociado do IGADI-Observatorio das Diásporas

Paula Sabajanes, xornalista e integrante de Galegas na Diáspora.

---

## 11. A migración galega a México e as perspectivas de colaboración.

Manuel Martínez Justo, Profesor da UNAM México.

---

## 12. Cuba e Galicia en eternas diásporas.

Arantxa Fernández Crespo, Directora da Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana.

---

## 13. A emigração galega ao Brasil e os efectos da aculturação no ano 2024.

Antón Corbacho Quintela, Profesor da Universidade Federal de Goiás – UFG e membro da Xunta Directiva da Asociación Internacional de Estudos Galegos.

---

## 14. A Galicia do presente: Obradoiro arredor da identidade cultural en Londres.

Eduardo de Martíis, fotógrafo e voceiro do Proxecto Galicia Latente.

---

## 15. Conclusións do Informe do Maratón de Galegitudes 2024.

**Daniel González Palau** Director do IGADI

## 1. Presentación: Conectar a diáspora á Acción Exterior de Galicia.

Se na última edición do Nós No Mundo 2022-2023 puxemos o acento na necesidade de activar a Lei de Acción Exterior de Galicia, un ano despois, o noso Informe anual da Acción Exterior de Galicia, achégase á emigración galega, a histórica e a actual, como elemento crítico para un desenvolvemento exponencial da nosa proxección internacional no mundo interconectado e interdependente do S.XXI.

Para esta misión contamos en primeiro lugar con catro achegas do ámbito institucional. En primeiro lugar e abrindo o Informe, do Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia (Antonio Rodríguez Miranda), mais tamén moi relevantes achegas, apuntando en distintas dimensións chaves a ter presentes, de representantes das tres forzas políticas con presenza no Parlamento de Galicia (Victor Manuel Balandrón, Ana Miranda e Paloma Castro).

Será posible construír un gran pacto pola Acción Exterior e a Emigración no horizonte do S.XXI? As veces parece imposible e outras non, como neste documento, onde observamos puntos converxentes claros, dentro das tamén diferenzas razoables.

Xunto á visión institucional, o Informe conta co valor engadido de chegar textos desde Centros Galegos, Universidades e activistas da sociedade civil de moi distinta procedencia. Así, contamos coa Presidenta do Centro Galego de Barcelona (Pilar Ansele, a segunda muller Presidenta do CGB despois de máis de 100 anos de vida...), xunto a olladas máis académicas desde

México, (Manuel Martínez Justo), Cuba (Arantxa Fernández Estévez) ou Brasil (Antonio Corbacho), así como un moi suxerente análise dun Obradoiro arredor da identidade en Londres, levado adiante polo proxecto arredor da identidade galega actual, Galicia Latente (Eduardo Martíns).

Tamén contamos no Informe Nós No Mundo 2024 con catro artigos de investigadores galegos da Rede IGADI-Galicia-Mundo, que achegan as lentes para amplificar a ollada, á dimensión económica, histórica e actual, da nosa emigración (Diego Sande), así como a escenarios nucleares da nosa diáspora, Bruxelas, como capital da Unión Europea (Serafín Pazos e Karan Novo), Portugal (Carlos Pazos Justo) ou Arxentina (Facundo Reyna Muniaín e Paula Sabajanes).

Finalmente pechamos o Informe coas Conclusións do Informe do Maratón de Galeguidades 2024, un programa de televisión por internet da Deputación da Coruña que tivemos o gusto de producir o 24 de xullo deste 2024, para conectar á Galicia territorial coa Galicia exterior.

Experiencias como o Maratón de Galeguidades ([galeguidades.hub.gal](http://galeguidades.hub.gal)) reafirman en primeiro lugar que en pleno S.XXI Galicia segue a ser célula de universalidade: máis de 12 hora de conexión con galegas e galegos organizadas de Australia a Arxentina, demostraron a vivacidade da continuidade histórica da organización galega arredor do planeta. Prioritariamente lazos construídos arredor da axuda mutua, mais acompañados da cultura, a música ou as festas populares con acentos internacionais como cemento da comunidade. En segundo lugar e non menos importante, o Maratón de Galeguidades demostrou, que a emigración, desde as formas históricas ás actuais de organización, segue a ser a nosa maior rede de conexión internacional, para protexer a nosa identidade e multiplicar as nosas oportunidades en todos os ámbitos.

Desta maneira, o conxunto dos artigos do Nós No Mundo 23-24, ten a virtude de combinar a atención na recollida da herdanza histórica do asociacionismo galego no exterior, coas novas dinámicas e formas de organización da nova diáspora. Como no Maratón de Galeguidades, nesta 15ª edición do Nós No Mundo, xeramos espazos de conexión, diálogo e coñecemento, entre a Galicia territorial e a Galicia exterior.

O Informe anual da Acción Exterior de Galicia leva 15 anos a crear un espazo representativo do que debe ser a diplomacia pública galega, onde desde a lealdade institucional, a pluralidade de opinións, fermente unha política pública de país que aumente as oportunidades e o benestar da cidadanía galega. Porque, como a historia da emigración galega demostra, na continuidade histórica que vai do S.XIX ao mundo actual, a galeguidade proxectada no planeta ten a ver coas cousas de comer e de coñecer. Nun mundo en cambio, hiperconectado e dixital, non atender a este tesouro non debera agardar máis tempo.

Desenvolver a Lei Galega de Acción Exterior, en todos os ámbitos, mais especificamente no Título X “Novas redes de intereses galegos no exterior” afecta de cheo aos sentidos deste Informe e as potencialidades do modelo de desenvolvemento da Galicia do presente e do futuro. Na conexión con Arxentina no Maratón de Galeguidades, Paula Sabajanes preguntouse -Que quere Galicia da súa diáspora?

Non obstante, o mundo do S.XXI e a pluralidade de formas das galeguidades e a nova diáspora no planeta amosan outros escenarios e posibilidades que cómpre ter presentes, especialmente agora que a Estratexia Galega de Acción Exterior 2024-2028 e a andaina do Observatorio da Lusofonía Paz Andrade están a piques de comezar unha nova andaina.

Só nos resta por agradecer a todas as persoas participantes neste Informe a súa valiosa achega, así como a Secretaría Xeral de Política Lingüística, que desde hai 15 anos apoia a edición deste Informe anual.

### 1.1. Equipo Informe Nós No Mundo 2023-2024

O equipo do Nós No Mundo 2023-2024 organizouse desde a pluralidade de espazos e opinións, no ánimo de enriquecer a visión panorámica que sempre aspiramos a construír arredor do ecosistema internacional de Galicia. O Nós No Mundo cumpre no 2024 o seu 15º aniversario, xa que a primeira edición deste informe anual comeza co Nós No Mundo 2009-2010.



**DANIEL GONZÁLEZ PALAU** é Director do IGADI desde o 2017. Licenciado en Ciencia Política (2005) pola USC, ten un Master en Cooperación Internacional e Desenvolvemento e un Curso de especialización en Xestión Cultural, ambos pola USC. Entre o 2009 e o 2015 desenvolveuse como técnico de educación para a cidadanía global (2009-2022) e despois coma Secretario (2011-2015) do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A súa primeira publicación no IGADI foi “Os irmandamentos en Galicia (2009): Globalización, redes e goberno local”. Desde o 2014, realiza a investigación “Uma Historia para o S.XXI” arredor da iniciativa popular e posterior Lei Paz Andrade. Desde o 2018 é o editor dos Informes anuais do IGADI, Nós No Mundo e IGADI Annual Report.



**ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA**, nado na Bola (Ourense) en 1967, é licenciado en Ciencias Biolóxicas con especialidade en Zooloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais. Desde decembro de 2012 exerce como secretario xeral de Emigración. Foi deputado en varias lexislaturas do Parlamento de Galicia e secretario do Partido Popular no Exterior. Ademais, foi voceiro do PPdeG entre 2009 e 2013, e concelleiro en Allariz de 1999 a 2012, onde tamén foi portavoz municipal dende 2001.



**PILAR ANSEDE** naceu en Ponferrada (Leon), filla de pai lucense (Guitiriz) e nai ourensana (O Bolo), emigrantes en Barcelona. O lugar de nacemento só é una circunstancia fortuíta, pasou toda a súa vida en Barcelona. Licenciada en Pedagogía pola Universidade de Barcelona inicia a súa traxectoria profesional en CaixaBank, pasando tamén por empresas como Aigües de Barcelona e Schibsted. Actualmente está enfocada profesionalmente no Marketing Dixital dentro dunha multinacional noruega líder en MarketPlaces. Conecta co asociacionismo galego dende pequena a través da música tradicional dentro

do Centro Galego de Barcelona, formando parte do grupo de gaitas Avoengo e do grupo de pandereteiras Gandarela. Dende o ano 2022 é presidenta do Centro Galego de Barcelona, sendo a segunda muller nos 132 anos de existencia en presidir a entidade.



**VÍCTOR MANUEL BALADRÓN LAMAS** é portavoz de Emigración do Grupo Parlamentario do Partido Popular no Parlamento de Galicia. Ten formación técnica superior en integración social, así como en actividades físicas e deportivas, o que lle permitiu desempeñarse en diversos ámbitos sociais e deportivos. A nivel político exerce como concelleiro de Deportes, Xuventude e Festas do Concello de Verín, amosando o seu compromiso coa comunidade local e o seu benestar. Ademais, estivo vinculado a Cruz Vermella, onde exerceu como vicepresidente na comarca de Monterrei entre 2006 e 2023. En recoñecemento á súa labor humanitaria e social, recibiu o Diploma de Honra da Cruz Vermella Española en 2014.



**ANA MIRANDA PAZ**, Eurodeputada do Bloque Nacionalista Galego (BNG) reeleita nas pasadas eleccións europeas de xunio de 2024. Coordinadora da Área de Relacións Internacionais do BNG dentro da Executiva Nacional do BNG. Forma parte das Comisións de Pesca, de Desenvolvemento Rexional e de Peticións e Desenvolvemento e Cooperación Humanitaria, das que é coordinadora de ambas. No Parlamento Europeo tamén é Vicepresidenta da asemblea paritaria da Eurocámara cos Parlamentos latinoamericanos. Especialista en Dereito Comunitario e Internacional, Comunitario e Internacional, seu percorrido político realizouse en distintas funcións en Bruxelas tanto no Parlamento Europeo como no partido político europeo do que forma parte o BNG, a Alianza Libre Europea-ALE. Como unha das voces internacionais do Bloque, mantén fondas relacións coa diáspora galega e cos partidos políticos e Gobernos de esquerda onde residen. Defensora dos Dereitos humanos, participou en varias misións humanitarias como a Flotilla Internacional na que foi secuestrada por Israel, tamén en observacións electorais en varios lugares do mundo e foros internacionais.



**PALOMA CASTRO REY**, nacida en Pontevedra, é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña. Traballou como avogada especializada en dereito de familia e violencia de xénero entre 2010 e 2020. Foi concelleira de Benestar e Igualdade de Pontevedra en dous períodos (2016-2020 e 2023-2024). Desde 2020 é deputada no Parlamento de Galicia polo Grupo Socialista, e na actualidade é voceira da área de Política Exterior e Emigración. Está implicada na Rede Galega pola Igualdade e na Solidariedade Internacional.




**DIEGO SANDE** é Secretario do IGADI, coordinador da súa liña de investigación en Economía e fai parte do Consello de Redacción da Revista Tempo Exterior. Profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Economía e Empresa. É ademais funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. As súas liñas de investigación principais céntranse no impacto das políticas públicas de innovación en Galicia, na xestión e aplicación dos Fondos Europeos para o desenvolvemento rexional e na innovación tecnolóxica medioambiental. Colabora co Grupo de Investigación ICEDE (Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento) da Universidade de Santiago de Compostela. Participou en numerosos congresos nacionais e internacionais e publicou libros e numerosos artigos en revistas científicas e técnicas, ademais de colaborar con diferentes medios de comunicación. Autoría fotografía de Diego Sande: Jose A. Morandeira.



**SERAFÍN PAZOS** é investigador asociado do IGADI e coordinador da liña de investigación do IGADI en Unión Europea, no 2021-2022 coordinou o número 44 da revista Tempo Exterior (xullo 2022), co monográfico *“Vinte anos de representación dos gobernos territoriais na UE”*. Doutor e Master en Unión Europea, Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración e Diplomado en Xestión Financeira Pública. Foi analista de políticas europeas para varias comunidades autónomas británicas e autoridades rexionais, con 17 anos de experiencia profesional en Bruxelas. De 2008 a 2018 foi o coordinador do Grupo de Expertos en Cohesión Territorial do Consello de Municipios e Rexións de Europa (CMRE), foi membro do Grupo de Expertos en Subsidiariedade do Comité das Rexións (CDR). Foi experto e redactor de informes para o Parlamento Europeo, o Parlamento británico, o Parlamento escocés, o Comité das Rexións e o Consello de Europa. A súa tese de doutoramento *“Subsidiariedade e gobernanza*

multinivel da UE. Actores, Redes e Axendas”, foi cum laude e Premio Extraordinario de Doutoramento (Routledge, 2019). Actualmente é responsable da área de políticas de desenvolvemento territorial en AEIDL (European Association for Innovation in Local Development).



**KARAN NOVO** vive dende hai 4 anos en Bruxelas, Bélxica. Estudou Economía na Universidade de Santiago de Compostela, onde tivo a súa primeira experiencia internacional, en forma de Erasmus en Varsovia. Ao rematar o grao, froito da precaria situación profesional en Galicia para a xente nova e da curiosidade laboral polas relacións internacionais, marcha a traballar a Bruxelas no eido dos proxectos europeos de innovación. É aí onde descubre que existe unha burbulla cultural “galego-belga”, impulsada da man da Asociación Couto Mixto de Bruxelas e decide xuntarse canda os seus amigos e amigas da universidade, tamén emigradxs en Bruxelas para crear o Festival EmigraSON.



**CARLOS PAZOS JUSTO** é investigador asociado do IGADI-Observatorio Galego da Lusofonía, Doutor em Ciências da Cultura e profesor da Universidade do Minho (UMinho) onde integra o grupo de investigação Galabra-UMinho do Centro de Estudos Humanísticos. É coordinador do Centro de Estudos Galegos da Uminho. Foi Presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos.



**FACUNDO REYNA MUNIAIN** é un sociolingüista arxentino de orixe galega e vasco-navarra por parte materna. Estudou Letras na Universidade de Bos Aires (UBA), para posteriormente licenciarse en Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela (USC) onde logo cursou o Máster en Estudos da Literatura e da Cultura. Doutorouse en Lingüística Iberorrománica pola Bremen Universität (Alemaña) coa tese *“Lingua e identidade no contexto da diáspora, a lingua galega en Bos Aires”*. Tralo que se desempeñou como lector de galego na Christian Albrechts Universität de Kiel (CAU) como consultor do European Centre for Minority Issues (ECMI). Entre os seus intereses de investigación ten traballado sobre diferentes aspectos da diáspora, política lingüística familiar, medios de comunicación en linguas minoritarias. Na actualidade é investigador externo do Instituto da Lingua Galega (ILG), docente da Europa Univesität Flensburg (EUF), e na Universidade de Kiel (CAU) alén do Instituto Cervantes de Hamburgo.



**PAULA SABAJANES** é unha xornalista galega nacida en Bos Aires. Licenciada en Ciencias da Información na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Especializada en Comunicación Institucional e de Crise. Realizou un posgrao en Comunicación e Xénero na Universidade de Bos Aires (UBA). Traballou no Gabinete de Comunicación do Presidente da Xunta de Galicia, na Dirección de Cooperación ao Desenvolvemento, na Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e coa UE do Goberno galego e integrou o equipo que puxo en marcha a primeira Delegación da Administración galega no exterior, onde dirixiu o Gabinete de Comunicación. Colaboradora desde Arxentina para o xornal La Voz de Galicia, a Axencia EFE e o programa “Lambóns de Viaxe” da Radio Galega. Asistiu á Xunta directiva do Centro Galicia de Buenos Aires. Desempeñouse na Oficina de Comunicación da Embaixada de España en Bos Aires e actualmente forma parte da Agregaduría de Defensa de España en Arxentina, Uruguai e Paraguai.



**MANUEL MARTÍNEZ JUSTO** é Doutor en Ciencias Políticas e Sociais pola Universidade Nacional Autónoma de México. Licenciado en Xeografía e Historia na Universidade de Santiago de Compostela, Galicia. Actualmente é Profesor Permanente a tempo completo “C”, a máxima categoría académica outorgada pola Universidade Nacional Autónoma de México. Foi director da Facultade de Estudos Superiores “Acatlán”, onde imparte clases de Política Internacional e Acción Exterior dos gobernos locais. Traballa nas seguintes liñas de investigación: paradiplomacia, seguridade e migracións. Foi presidente da Asociación Mexicana de Estudos Internacionais A.C. (2009-2011) e actualmente forma parte do seu Consello de Honra. É membro do Consello Consultivo da Asociación Mexicana de Oficinas de Asuntos Internacionais de Estados (AMAIE), organización que representa aos gobernos das Entidades mexicanas.



**ARANTXA FERNÁNDEZ CRESPO** é natural da Coruña, licenciada en Filoloxía Hispánica (1992) pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e en Filoloxía Galego-portuguesa (1993) pola Universidade da Coruña (UDC), co grado actual de master. Desde 2015 reside permanentemente en Cuba; traballa na Universidade da Habana como profesora asistente no departamento de Estudos Teóricos y Literarios da Facultade de Artes e Letras. Dirixe a Cátedra de Cultura Galega desde 2016, onde ofrece docencia de lingua e literatura galegas, dirixe investigacións sobre as relacións Galicia-Cuba e promove

actividades de extensión cultural para salientar a pegada galega en Cuba e recuperar a memoria histórica deste ben patrimonial común. Ten realizados varios cursos de prostgrao, mestría, investigacións e participación en diferentes Congresos e Coloquios en Cuba e Galicia. É membro fundadora do GEAP-Cuba, sobre arte pública, dirixe e coordina os proxectos: “Rutas e andares da pegada galega en La Habana”, e os coloquios “Mulleres galegas en Cuba. Legado e transcendencia”, en colaboración coa Oficina do Historiador de la Ciudad.



**ANTONIO CORBACHO** é Doutor em Filologia Galega pela USC. Sua experiência profissional abrange o ensino de matérias de Letras na Universidade Federal de Goiás – UFG (Brasil). Foi consultor do MEC para autorização e reconhecimento de cursos de espanhol. Coordenou o Centro de Línguas e dirigiu o Centro Editorial e Gráfico da UFG. É membro do Grupo Galabra (Goiás e Brasília); na atualidade, em seus projetos de pesquisa e de extensão e cultura dedica-se ao estudo da categoria estrangeiro e do turismo. Fai parte da Asociación Internacional de Estudos Galegos.



**EDUARDO DE MARTÍS** é natural de Arteixo e nacido en 1974, é un fotógrafo cunha longa traxectoria, especializado en fotografía documental. Ao longo da súa carreira, realizou reportaxes fotográficas en máis de 40 concellos galegos, e o seu traballo foi exposto en cidades como París, Londres, Bruxelas, Madrid e diferentes puntos de Galicia. Algúns dos seus proxectos máis destacados son “Ideoloxía do espazo”, “Fisterra 2006”, “Conciencia conciencia” e “Vectores”. Desde 2009, traballa no seu proxecto máis ambicioso, “Galicia Latente”, un proxecto de desenvolvemento cultural que procura poñer en valor a identidade cultural galega contemporánea. Este proxecto culminou coa autopublicación dun libro fotográfico que ofrece unha visión holística do acontecer cultural de Galicia. Entre os seus traballos máis recentes tamén destacan a instalación artística “A Galicia do presente” no Museo do Pobo Galego, a realización de 17 obradoiros ao longo de Galicia, e un obradoiro de recollida etnográfica da diáspora galega no Instituto Cervantes de Londres. A súa obra é un tributo á riqueza cultural e social de Galicia, achegando unha mirada contemporánea que honra as súas raíces e identidade.

### 1.2. 33 Anos de IGADI

En 1991, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI ([www.igadi.gal](http://www.igadi.gal)), naceu como un proxecto independente de partidos ou empresas, co propósito de construír un *think tank* para as relacións internacionais capaz de proxectar a Galicia na sociedade global.

Entre os fitos desde a súa fundación, cómpre destacar que:

- » O IGADI organiza o seu traballo por medio das Liñas de investigación en Relacións Internacionais, Paradiplomacia, Unión Europea, Economía, e Cooperación Internacional e Axenda 2030, así como por medio do Observatorio da Política China, Observatorio Galego da Lusofonía e Observatorio das Diásporas. En xaneiro do 2023 renovou a súa páxina web [www.igadi.gal](http://www.igadi.gal) (en galego, inglés, portugués e español). Semanalmente publícanse análises ligadas as súas distintas liñas de investigación.
- » O IGADI publica cunha periodicidade semestral a súa revista académica de relacións internacionais e estudos globais, *Tempo Exterior*, cun consello de redacción e consello científico ligado á universidade galega e internacional. No 2024 o IGADI e a Fundación Carolina asinaron un convenio de colaboración, coa que se incorporou unha sección específica no Tempo Exterior, arredor das vinculacións entre Europa e Latinoamérica.
- » O IGADI publica regularmente informes anuais, como o *IGADI Annual Report*, de relacións internacionais e xeopolítica global, e o seu anuario sobre a acción exterior de Galicia, *Nós No Mundo*.
- » O IGADI converteuse nos seus trinta e tres anos de actividade nunha escola e canteira de analistas en xeopolítica e estudos globais de referencia, situándose notablemente entre os

*think tanks* do estado español, segundo o ránking que elabora cada exercicio a Universidade de Pensilvania (EEUU).

- » O IGADI elaborou o primeiro Libro branco da acción exterior de Galicia no ano 2003, durante a presidencia de Manuel Fraga. Desde o 2009 fai parte do Consello de Acción Exterior de Galicia (CAEX).
- » O IGADI é unha entidade de recoñecido prestixio no ámbito dos estudos chineses, impulsor do Observatorio de la Política China. Xulio Ríos, fundador e Presidente de honra da entidade, gañou o premio Cátedra China en 2018 e o premio Casa Asia en 2020.
- » O IGADI deseñou e puxo en marcha en 2009 o *OGALUS* (Observatorio Galego da Lusofonía) que, atendendo ás realidades, historia, sinerxías e intereses do país, atende de xeito permanente ao espazo internacional da lusofonía. No 2022 organizou co CEPESE e a Universidade Fernando Pessoa o II Congreso de Ação Humanitária e Cooperação para o Desenvolvemento. No ano 2023 producimos a Primeira Gala da Lusofonía da Deputación de Pontevedra, con Esther Estévez como presentadora. No 2023 o IGADI aparece como membro nato do Observatorio da Lusofonía Paz Andrade creado por DECRETO 134/2023, de 28 de setembro.
- » No marco da Estratexia galega de acción exterior (EGAEX) impulsada pola Xunta de Galicia, en funcionamento desde o 1 de marzo de 2018 e aínda en vigor, cítase expresamente ao

IGADI como actor chave para a acción exterior de Galicia en Asia e China. Na EGAEX 2018, no seu balance histórico, tamén se recoñece a participación do IGADI nos principais consensos arredor da traxectoria da acción exterior de Galicia.

- » O IGADI elaborou entre o 2017 e o 2018 as *Bases de acción exterior* do Concello da Coruña. O 21 de marzo de 2019 o pleno do Concello da Coruña aprobou por unanimidade, co voto favorable de todos os grupos, a declaración institucional «*A Coruña no mundo global do século XXI*» en apoio ao devandito documento. Desde o 2020 celebra o foro “A Coruña Global”, no 2022 realizou o Mapa da cidade global da Coruña e no 2023 Yolanda Castaño presentou a primeira Gala da Coruña Global.
- » O IGADI executou o proxecto «*O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente*» entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de outubro de 2020, froito da convocatoria de proxectos da Xunta de Galicia «O teu Xacobeo». A iniciativa representou de facto un fito na historia das relacións entre Galicia, España e China. Desde o 2023 traballa en colaboración coa Universidade da Coruña e o Campus Industrial de Ferrol para conectar á Universidade da Coruña e o Campus Industrial de Ferrol a Asia e a China de maneira especializada. O IGADI mantén un protocolo xeral de actuación e plan anual de actividades con Casa Asia, entidade de diplomacia pública española.

- » O IGADI realizou, o 17 de decembro de 2020, un encontro global online con investigadores de até 17 países para reflexionar e abordar o estado do mundo trala pandemia da COVID-19, co ánimo de impulsar unha maior cooperación internacional e tradución cultural fronte aos riscos globais no marco do impulso do ideario fundacional das Nacións Unidas, principio estatutario do IGADI. A Rede IGADI-Galicia-Mundo conta con máis de 100 persoas investigadoras asociadas, de 25 países, con capacidade de comunicación nas cinco linguas oficiais das Nacións Unidas (Arabe, Chinés, Inglés, Francés, Ruso e Español).
- » En marzo de 2023 o IGADI renovou a súa Xunta Directiva, avanzando no relevo xeracional da entidade, cun espírito baseado no mantemento dos seus principios fundacionais como think tank. O 10 de setembro do 2024 o IGADI cumpriu 33 anos
- » O 24 de xullo de 2024 o IGADI produciu o programa de televisión por internet da Deputación da Coruña, Maratón de Galeguidades, [galeguidades.hub.gal](http://galeguidades.hub.gal)



**Antonio Rodríguez Miranda** Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia

## 2. O papel da emigración galega na proxección internacional de Galicia: Unha oportunidade desde os centros físicos á diplomacia dixital

A historia de Galicia está intrinsecamente ligada á emigración. Durante finais do século XIX e ¼ do século XX, miles de galegos partiron cara a outros países en busca de oportunidades, levando con eles a súa cultura, tradicións e lingua, que ágora continúa no proceso de retorno a Galicia. Como Secretario Xeral da Emigración da Xunta de Galicia, considero que esos nosos galegos do exterior é un activo fundamental para a proxección internacional de Galicia pero tamén para darlle unha realidade máis cosmopolita a sociedade galega, tanto a través dos centros físicos e o asociacionismo tradicional como mediante as redes e a diplomacia dixital.

### Os Centros Galegos: Faros de Cultura e Identidade

Os centros galegos no exterior foron, historicamente, puntos de encontro para a comunidade emigrante. Estes espazos non só ofrecen apoio e recursos aos recién chegados, senón que tamén funcionan como embaixadas culturais informais. A través de actividades sociais, culturais e educativas, manteñen viva a nosa cultura e transmiten ás novas xeracións o orgullo de ser galegos.

Estes centros desempeñan un papel clave na difusión da cultura galega. Organizándose eventos como festivais, exposicións de arte, clases de

lingua e música tradicional, contribúen a dar a coñecer a nosa rica herdanza cultural. Ademais, establecen pontes coas comunidades locais, promovendo o intercambio cultural e fortalecendo os lazos entre Galicia e os países de acollida.

### O Asociacionismo Tradicional: Fortalecendo a Comunidade

O asociacionismo tradicional é outro pilar fundamental na proxección internacional de Galicia. As asociacións de emigrantes galegos teñen unha longa traxectoria na promoción de iniciativas que favorecen o desenvolvemento económico e social tanto das comunidades no exterior como das localidades de orixe en Galicia. A través de programas de cooperación, intercambios e investimentos, estas entidades contribúen ao progreso de ambas as dúas partes.

É importante destacar o labor destas asociacións na preservación do patrimonio inmaterial galego. Grazas ao seu esforzo, tradicións como o folclore, a gastronomía e as festas populares seguen vivas alén das nosas

fronteiras, enriquecendo o panorama cultural dos países de acollida e dando visibilidade á nosa terra.

### As Redes e a Diplomacia Dixital: Un Novo Horizonte

Coa chegada da era dixital, abríronse novas oportunidades para a conexión e a difusión da cultura galega. As redes sociais e as plataformas en liña permiten chegar a audiencias globais, facilitando o intercambio de información e a creación de comunidades virtuais. A diplomacia dixital convértese así nunha ferramenta esencial para potenciar a presenza internacional de Galicia.

Mediante campañas en liña, contidos multimedia e colaboracións con entidades internacionais, podemos amplificar o noso alcance e dar

a coñecer Galicia a nivel mundial. A difusión de eventos culturais, turísticos e empresariais a través de canles dixitais contribúe a atraer visitantes, investimentos e oportunidades de negocio, favorecendo o desenvolvemento económico da nosa comunidade.

### Integración de Estratexias Tradicionais e Dixitais

A combinación do labor dos centros físicos e o asociacionismo tradicional coa diplomacia dixital presenta unha estratexia integral para a proxección internacional de Galicia. É fundamental fomentar a colaboración entre as entidades no exterior e as institucións galegas, promovendo iniciativas que integren actividades presenciais e en liña.

Por exemplo, a organización de eventos híbridos que permitan a participación tanto física como virtual pode ampliar significativamente o impacto destas iniciativas. Ademais, a formación en competencias dixitais para os membros das asociacións e centros galegos no exterior é clave para maximizar o potencial das novas tecnoloxías na difusión da nosa cultura e valores.

### Conclusión: Un Futuro Cheo de Oportunidades

A emigración galega é, sen dúbida, un dos nosos maiores tesouros. Os galegos no exterior son embaixadores da nosa cultura, e o seu papel na proxección internacional de Galicia é esencial. Aproveitando tanto as estruturas tradicionais como as novas ferramentas dixitais, temos a oportunidade de fortalecer a nosa presenza global, promover a nosa cultura e fomentar o desenvolvemento económico e social.

Como Secretario Xeral da Emigración, animo a todos os actores implicados a traballar conxuntamente nesta dirección. Xuntos, podemos construír unha Galicia máis forte, coñecida e conectada no mundo enteiro, honrando a nosa historia e

mirando cara ao futuro con optimismo e determinación. Por esa presenza global que leva a Galicia ao mundo pero tamén trae o mundo a Galicia.

**Pilar Ansede** Presidenta do Centro Galego de Barcelona

### 3. Sempre en segundo plano

A emigración galega feminina foi un fenómeno histórico que, aínda que menos visible que a migración masculina, tivo un impacto significativo tanto en Galicia como nos destinos aos que se dirixiron estas mulleres. Desempeñaron unha serie de roles chave nas economías aínda que a miúdo traballaban en empregos menos remunerados e menos recoñecidos que os homes e mesmo en moitos casos foron vítimas de discriminación tanto pola súa condición de estranxeiras como polo seu xénero.

O asociacionismo histórico galego no exterior está cheo de luces e sombras, en clave feminina máis sombras que luces. Refírome a ese asociacionismo máis que centenario, a orixe de todo. Escasas voces destacan dentro de estruturas patriarcais que invisibilizan os seus logros, ese eterno segundo plano que acompañou a grandes mulleres que traballaron de maneira incansable por conciliar a súa vida laboral, familiar e social, con moitas horas de dedicación e escasa visibilidade. Esas mulleres das que apenas temos documentos gráficos e escritos pero que foron parte esencial do funcionamento das asociacións galegas no exterior.

Cando miro dentro da nosa propia historia atopo poucas mulleres dentro dos órganos de goberno da entidade e as poucas ostentaron cargos de vogalías ou bibliotecarias. Un reflexo da subrepresentación feminina perpetuando un ciclo no que os homes dominan as decisións. En 132 anos de historia só Ángeles Pérez Guerra ocupou o cargo de presidenta, eu son a segunda.

#### Desas tormentas estes lodos

O liderado feminino dentro do asociacionismo aínda enfronta unha forte resistencia debido a normas tradicionais e patriarcais que non consideran ás mulleres como líderes naturais. Aínda que cada vez hai máis mulleres en posicións de liderado dentro do asociacionismo, segue existindo unha falta de referentes femininos visibles. Apenas hai modelos a seguir e non vemos exemplos claros de mulleres que lograsen alcanzar o éxito.

Existe aínda un rumbo inconsciente con prexuízos e crenzas automáticas que fan que as opinións masculinas téñanse en maior consideración que as femininas. Se sempre foi importante o status profesional e académico dun presidente, no caso das mulleres éo aínda máis. Recordo que una das primeiras cousas que me preguntou un socio finalizada a miña elección foi que estudara e onde traballaba, coma se as competencias non fosen suficiente para validar a miña valía se non había unha carreira universitaria e unha empresa prestixiosa que o avalase.

Como na sociedade, se a conciliación entre a vida familiar e laboral é un reto aínda sen consolidar, imaxinar se ademais te pos á fronte dunha asociación coa dedicación de tempo e esforzo que supón. O desempeño pasa case a ser heroicidade. Pero ata para iso temos a capacidade de atopar solución

#### Mirando ao futuro con esperanza

O liderado feminino nas asociacións está a aumentar. Cada vez máis atopamos, atopo, mulleres empoderadas que deciden dar un paso adiante e poñerse á fronte. Eses modelos femininos que non tivemos están a nacer agora garantindo a saúde democrática e diversa das asociacións galegas na diáspora. Outras mulleres poden verse reflectidas e motivadas a asumir roles de responsabilidade rompendo con estereotipos limitantes

e modelos tradicionais. Estas mulleres nacen, nacemos dentro dunha xeración académica e culturalmente preparada. Somos o que as nosas nais e avoas imaxinaron para nós, persoas con coñecementos, habilidades e sensibilidades que poden desenvolverse de maneira efectiva en contextos diversos.

Permitirme que vos fale desas mulleres. A gran maioría de casos que coñezo de liderado feminino galego nas asociacións galegas no exterior promoven a diversidade e a inclusión, creando espazos onde se escoitan e valoran todas as voces. Recoñecen a non homoxeneidade integrando diferentes puntos de vista, o que se traduce en actividades culturais diversas. Só hai que ver as programacións culturais desas entidades. Son liderados máis colaborativos onde as persoas intégranse nas decisións da asociación a través do diálogo. Crean contornas onde outras mulleres senten seguras e respectadas.

As nosas entidades teñen un número elevado de mulleres asociadas que traballan de maneira incansable promovendo a cultura galega diversa, embaixadoras entusiastas da marca "Galicia", levando a cabo de maneira eficiente as tarefas cotiás nas asociacións, e aínda que, a nivel xeral, nas asociacións galegas do exterior aínda imos un paso por detrás do que vai a sociedade en materia de paridade, estamos a avanzar dunha maneira decidida.

**Victor Manuel Baladrón Lamas** Portavoz de Emigración do Partido Popular de Galicia no Parlamento galego

## 4. Novos retos para a diáspora galega

A historia da emigración galega é a historia dunha identidade forte e resistente, dunha cultura que foi quen de manterse viva e prosperar fóra das súas fronteiras. Grazas á perseveranza de milleiros de galegos e galegas a emigración galega desempeña un papel fundamental no ámbito internacional no século XXI, mantendo a súa relevancia tanto a través dos centros físicos como das asociacións e das redes sociais. Esta conexión coa diáspora segue a ser un pilar importante para a promoción da galegitude e a cultura galega no exterior. Contribúe a constituír unha ponte cultural, social e económica, entre Galicia e o mundo dos e galegas que, desde o exterior, seguiron a alimentar un profundo vínculo coa súa terra de orixe. Hoxe, no século XXI, este legado non só debe ser preservado, senón que ten que ser potenciado como un factor (clave) na nosa estratexia de proxección global.

A nosa diáspora, espallada por todo o mundo, especialmente en América Latina e Europa, representa unha conexión viva e directa con diferentes culturas e mercados. Estes lazos son unha oportunidade única para Galicia, xa que ofrecen un acceso privilexiado a redes internacionais que poden ser utilizadas tanto para a promoción da nosa cultura como para a internacionalización das nosas empresas. As políticas públicas deben enfocarse en recoñecer o valor estratéxico desta rede global de galegos e en dotalos dos recursos e apoios necesarios para fortalecer esa conexión co noso país.

Un aspecto que non podemos ignorar é o rol crucial que teñen desempeñado os centros galegos no estranxeiro. Estas institucións, nadas como lugares de encontro para os emigrantes e as súas familias, foron durante décadas os principais motores da

preservación da nosa cultura no exterior. Na actualidade, é evidente que os tempos cambiaron e, con eles, tamén o perfil da nosa emigración. O desafío actual está en como modernizar e adaptar estas institucións para que sigan a ser relevantes e atractivas para as novas xeracións de emigrantes, moitos deles mozos altamente cualificados que non atopan nos centros tradicionais o tipo de servizos ou redes que lles poden resultar útiles na súa vida profesional ou persoal.

Neste sentido, é fundamental que a Xunta de Galicia, en colaboración coas distintas asociacións e entidades da diáspora, desenvolva políticas que fomenten a renovación e modernización dos centros galegos. Isto inclúe non só a mellora das infraestruturas, senón tamén a incorporación de novas tecnoloxías que permitan conectar á emigración galega coa súa terra de orixe de xeito máis áxil e accesible. A creación de plataformas dixitais as redes sociais e os espazos virtuais de encontro, poden ser unha vía eficaz para fortalecer os vínculos entre as distintas xeracións de galegos no exterior e a Galicia contemporánea.

Por outro lado, a nosa aposta polo fomento da internacionalización das empresas galegas non pode entenderse sen contar coa diáspora como un aliado estratéxico. Moitos galegos residentes no exterior ocupan posicións de relevancia en sectores económicos e empresariais, e o seu coñecemento dos mercados locais é un activo fundamental que Galicia debe aproveitar. Temos que apostar polas políticas de apoio á emigración onde inclúan estratexias de colaboración empresarial que faciliten a creación de redes comerciais

entre Galicia e os países de acollida, utilizando a nosa diáspora como ponte para abrir novas oportunidades de negocio e investimento.

O papel da cultura é outro eixe fundamental. A cultura galega sempre foi un dos grandes factores de cohesión da nosa diáspora. A lingua, a música, a literatura, e incluso a gastronomía, son elementos que conectan ás xeracións máis novas coas súas raíces. Temos o deber de garantir que a cultura galega continúe a ser unha ferramenta de proxección internacional. Isto significa que hai que apoiar iniciativas culturais que inclúan á diáspora non só como receptora, senón como partícipe activo na creación e promoción da cultura galega. Debemos ampliar as accións culturais máis aló das nosas fronteiras, levando espectáculos, exposicións e eventos galegos aos principais centros da nosa emigración, ao tempo que facilitamos a creación cultural entre os galegos no exterior.

A galegitude no século XXI non pode reducirse a unha simple cuestión de identidade territorial. A emigración galega de hoxe é moito máis diversa que en épocas pasadas, tanto en perfís profesionais como de intereses. Entre todos temos a responsabilidade de poñer en marcha políticas que non só recoñezan esta diversidade, senón que lle dean cabida. Isto inclúe tanto o apoio ao retorno dos galegos que desexen volver e reintegrarse na nosa sociedade, como a creación de oportunidades para que os que queren seguir no exterior poidan continuar conectados e contribuíndo ao desenvolvemento de Galicia.

En definitiva, a emigración galega segue a ser un elemento esencial para a nosa proxección internacional, e polo tanto precisamos dun firme compromiso de traballar para fortalecer estes vínculos.

A nosa visión é clara: debemos potenciar a nosa diáspora, dotalos dos recursos e medios para que sigan a ser embaixadores da nosa cultura, lin-

gua e valores, e facer que Galicia non só sexa unha comunidade autónoma, senón unha comunidade global, integrada e presente nos principais foros internacionais. Galicia non pode entender o seu futuro sen a súa diáspora, e por iso débese seguir impulsando políticas que reflectan este compromiso de cara ao futuro.

**Ana Miranda** Coordinadora de Relacións Internacionais do BNG e Eurodeputada na X lexislatura do Parlamento Europeo

## 5. A Galiza Global e a Acción Exterior de Galicia

Agradecemos ao IGADI polo convite realizado ao BNG nun tema tan importante para Galiza, xa que vivimos nun mundo no que xa nada nos é alleo e todo está comunicado e nós como Pobo, temos unha realidade diaspórica que debemos de aproveitar como Nación.

No BNG temos moi claro que o noso non é un Pobo que fique no espazo territorial de Galiza. A nosa emigración no mundo fai que a presenza de galegas e galegos esté en moitos lugares do planeta, nesa que foi definida por esta asinante como a “Galiza Global” facendo as súas vidas noutros lugares máis con profunda identidade coas raiceiras da orixe, do vivido ou do transmitido. Un País como Galiza ten que recoñecer á súa diáspora e proporcionar mecanismos de participación política, cultural e social para as galegas e galegos no Mundo.

A igualdade ten que ser a base e nesa base é moi necesario actualizar os mecanismos de participación, de comunicación e de información. No BNG consideramos que hai moitos anos perdidos na xestión do Goberno do PP e que as e os emigrantes non poder ser usados como “mercadoría electoral” nin lembrarse delas só cando son as eleccións, senon contar con elas e eles activamente e con visión estratéxica, humana e non só atendendo aos momentos electorais, senón garantindo unha participación, información e asistencia de xeito permanente.

Para iso hai que partir de diversas situacións que existen na diáspora, xeracións máis antigas, fillos e netos noutras latitudes e continentes e

unha emigración actual de fuga de profesionais que segue existindo e que fai que na actualidade, por exemplo en Europa, teñamos unha realidade de moitas persoas entre 20 a 55 anos marchando de novo ao exterior a traballar, ou formarse, ou ambos; ou profesionais que traballaron en Galiza e que se ven obrigados a marchar por razóns económicas, aumentando este fenómeno despois da pandemia. Por iso é tan importante aproveitar como País que esas pontes persoais e da colectividade, organizada ou non, sexan instrumentos de interacción entre Galiza e outros territorios e organizacións, entre o noso Pobo espallado polo Mundo.

A acción exterior de Galiza debe conectarse sen dúbida coa emigración. Como fan outros Estados Europeos como Irlanda, como fan outras nacións. Recentemente no BNG desenvolvemos unha visita a México con motivo da investidura da Presidenta dese País e sen dúbida, contamos cos lazos do noso exilio e as familias fillas dos exiliados e exiliadas, cos emigrantes que ali residen da emigración tradicional, ou por exemplo, o caso do festival “Emigrason” de Bruxelas no que un grupo de activa máis cidade galega leva organizado dende hai dous anos un festival de música galega que deu moito que falar e fixo tamén alertar que a mocidade no exterior quere participar na nosa vida cultural. E que decir da ponte internacional, de recoñecemento e orgullo que foi ter a un alcalde de orixe galega, de Corme, como alcalde de Xenebra como é o caso de Alfonso Gómez Cruz, nun País como Suiza no que tantos galegos marcharon, viven e aínda emigran nesa vaga de profesionais que continúa.

As pontes de conexión coa emigración exterior poden ser culturais, económicas, creativas, tecnolóxicas, de movementos sociais ou loitas. Estámolo a ver coas reaccións que está vendo a respecto do proxecto de Altri, un exemplo é que

recentemente no programa de radio “Galiza emigrante” da “Federación de Asociacións Galegas de Arxentina”, foi tratado. A nosa xente son voceiros, son divulgadores. O mesmo coa lingua, que orgullo da chegar a lugares onde hai cursos de galego (malia o esmorecemento que provocou o Goberno actual anulando moitas axudas e evitando promover o Celga con lectores e lectoras polo mundo), que orgullo que se fale de Galiza e que a través de moitas persoas no mundo, podan estreitarse lazos económicos, culturais, de investigación e de moitas áreas.

Cómpre revisar e adecuar esta oportunidade, preparando unha estratexia de País para a interacción entre a emigración e acción exterior, como fan outros Pobos, sen complexos e como xanela desta nosa Galiza Global. Por iso no BNG apostamos por esta relación e ponte de acción exterior. Dende Bruxelas a Bos Aires, dende Xenebra a Cuba, Nueva York, Montevideo ou Salvador, en todos os continentes. Para iso é necesario primeiro modificar os sistemas de participación reformando a Lei de Galeguidade, actualizándoa ás novas realidades que van alén dos Centros (que por suposto xogan o seu papel con gran esforzo), máis a realidade mudou moito. Xa hai terceiras e cuartas xeracións, que non os visitan nin participan, e logo, hai lugares que non contan con centros.. Por esa razón, hai que contar con novas formas de participación tan necesaria para a interacción exterior.. Realizar un censo actualizado, programas de divulgación da lingua e cultura galega, creación do Instituto Rosalía de Castro no exterior como centro de acción exterior en todos os eidos. Só cun cambio político en Galiza poderemos acadalo... Pois como comentaba ao principio, hai moitos anos perdidos do Goberno do PP cara a consolidación desta ponte entre emigración e acción exterior. Restaurar o Consello de Acción Exterior e realizar unha modificación no organigrama da

Xunta unindo relacións coa diáspora galega con acción exterior.

A Galiza Global de todas e todos os galegos no Mundo.

**Paloma Castro Rey** Voceira de política exterior e emigración do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

## 6. Emigración e a inmigración: dous puntais fundamentais sobre os que construír a Galicia do futuro

A emigración galega ten xogado un papel de primeira magnitude ao longo da Historia Contemporánea de Galicia. Non existe aspecto no que non teña incidido dende un xeito ou outro, xa sexa no económico, no político, no cultural, no social ou no demográfico. Certamente o desenvolvemento histórico deste fenómeno ten as súas luces e as súas sombras. Se ben o diñeiro enviado polos emigrantes ten contribuído á modernización do agro galego, sumido no máis absoluto atraso a fins do S.XIX e nos anos 40 e 50 da postguerra civil ao ser violentamente rabenado o proxecto modernizador que se albiscaba nos anos da República cando semellaba atinxirse o desexado réxime de autonomía, ao carecer dun proxecto de país os esforzos dos emigrantes por mellorar as condicións de vida dos que aquí ficaban resultaron insuficientes para transformar a fondo a economía galega.

E non foi porque non se intentase. Os xiros de pequenas cantidades de diñeiro enviado de xeito constante a través dunha mesta rede de oficinas e representacións bancarias que cubrían practicamente todo o país (era a rede bancaria máis estendida de toda España no primeiro terzo do S.XX) e a onde chegaban os xiros realizados Venezuela, Arxentina ou Uruguai, serviu para mellorar as técnicas agrarias que ata 1890 practicamente non tiñan cambiado dende a época dos romanos, para investir en maquinaria, en gando ou para liberar foros e arrendamentos, para construír casas novas

con mellores condicións hixiénicas, para financiar a edificación de edificios escolares e dotalos de equipamento facéndose dende América o labor que non facía o Ministerio de Fomento de quen dependía a educación nacional e que en 1910 gastaba máis diñeiro en subvencionar touradas que en construír escolas.

Cousas semellantes aconteceron na segunda gran enxurrada migratoria, agora con destino aos países europeos do entón chamado Mercado Común (Francia, Bélxica, Alemaña, Holanda, Luxemburgo) e da EFTA (Gran Bretaña e Suíza preferentemente). Foi ese diñeiro enviado dende as representacións que neses países tiñan os bancos españois e os bancos e Caixas de Aforro galegas o que permitiu a mellora do campo mediante a compra de tractores e maquinaria, a construción de casas e edificios anexos, a compra de automóbiles, o investimento en pisos nas cidades, a compra ou creación de pequenos negocios preferentemente de carácter urbano, o acceso dos rapaces a estudos superiores etc. Pero tampouco neste caso se solucionaron os problemas de fondo do país e, se ben esta segunda enxurrada migratoria foi temporal e con retorno, os emigrantes non regresaban na gran maioría ao campo senón que se instalaban nas cidades que comezaron aumentar a poboación a costa das áreas rurais que, ao mesmo ritmo ían despoboándose.

Na actualidade a rede de centros galegos no exterior, aínda que en decadencia por falta de novas achegas de compoñentes, ten, porén, unha enorme importancia e unha función en beneficio do país que está sendo moi pouco utilizada polo goberno galego. Abonda con contemplar estes datos: Os Centros e entidades galegas no exterior de Galicia actualmente en funcionamento son, de acordo aos datos da Secretaría Xeral de Emigración, 197, aínda que con respecto a hai 20 anos o número ten caído bastante, esa cifra aínda é su-

perior á suma do número de embaixadas españolas, (116), Cámaras de Comercio de España (44) e Centros Culturais españois (16). E esta riqueza asociativa sáelle practicamente gratis ao país.

Xa hai tempo que se vén insistindo de que Galicia ten catro realidades que lle permiten competir nun mundo crecentemente globalizado. Unhas realidades das que carecen gran parte das comunidades autónomas españolas:

En primeiro lugar a lingua. O galego-portugués representa hoxe un conxunto de 281 millóns de falantes o que a convirte na segunda lingua romance polo número de falantes superando ao francés, e na sexta lingua nativa máis falada no mundo. Se a isto lle engadimos que a gran maioría dos galegos e galegas falan tamén o castelán, calquera galego ou galega se pode entender con toda facilidade con máis de 800 millóns de habitantes. Para encontrar unha situación semellante dunha persoa que poda falar con esa cantidade de individuos sen ter que aprender linguas temos que acudir a China. Non existe ningún outro exemplo (inglés, 380 millóns coma lingua nativa; árabe 274 millóns; hindi 609 millóns).

En segundo lugar a posición xeográfica. Galicia está situada no centro das autopistas do mar que unen o Norte de Europa con África. Ademais diante das súas costas pasa a inmensa maioría do tráfico que vai de Europa a América do Norte e do Sur. É, polo tanto, unha plataforma avanzada e un punto de referencia no tráfico mundial de contedores.

En terceiro lugar Galicia conta con algunhas empresas de proxección internacional como Inditex, Pescanova ou Stellantis que figuran entre as máis importantes do mundo nas súas respectivas áreas produtivas.

En cuarto lugar está esa ampla rede asociativa que permite contar con plataformas de proxección de Galicia no exterior a moi baixo custo.

En definitiva a emigración e a inmigración deben ser a día de hoxe dous puntais fundamentais sobre os que construír a Galicia do futuro.

Pero para iso se precisa un plan-país, é dicir, un proxecto de Galicia que non só contemple a resposta aos problemas internos, senón tamén, e ao mesmo nivel, as cuestións relacionadas co papel de Galicia no mundo. E esa é unha das claves do futuro onde se abren dúas perspectivas: Ou proxectarse cara afora ou limitarse a ser un territorio satélite dentro de España sen máis futuro que un progresivo envellecemento e unha imparable desindustrialización ademais do abandono de amplos espazos do territorio por carencia de habitantes.

**Diego Sande Veiga** Coordinador da Liña de investigación en Economía do IGADI e profesor da USC

## 7. O papel da diáspora galega como axente de desenvolvemento e modernización da economía

A diáspora galega, composta por máis de medio millón de persoas no exterior, constitúe un fenómeno que evolucionou significativamente desde os grandes fluxos migratorios do século XIX e principios do XX ata a actualidade. Esta poboación, repartida principalmente entre América e Europa, foi clave na historia económica e social de Galicia. Hoxe, fronte aos desafíos da globalización e a modernización económica, a diáspora preséntase como un activo estratéxico de gran potencial.

Este informe explora o papel que a diáspora galega pode xogar no desenvolvemento económico e modernizador de Galicia, tanto no presente como no futuro, analizando as oportunidades que ofrece e as accións necesarias para aproveitar o seu potencial de maneira efectiva.

### 1. A diáspora galega en cifras: un activo disperso pero significativo

Con 527.449 galegos no exterior, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) de 2023, a diáspora galega representa case o 20% da poboación total de Galicia. Esta porcentaxe converte a Galicia na comunidade autónoma española con maior número de emigrantes no estranxeiro. A maioría destes galegos concéntranse en América (77,26%), con Arxentina liderando como o principal destino con 180.500 persoas, seguida por Brasil e Cuba. En Europa, Suíza, Francia e Ale-

maña son os países con máis emigrados galegos.

Non obstante, esta diáspora non é homoxénea, xa que aproximadamente o 73,32% dos galegos no exterior non naceu en Galicia, o que por outra parte reflicte unha continuidade xeracional que mantén lazos coa comunidade autónoma. Ademais, a emigración galega foi evolucionando desde a man de obra non cualificada no pasado cara a unha diáspora composta por profesionais altamente cualificados na actualidade. Este cambio demográfico e de perfil profesional abre novas posibilidades para que a diáspora galega xogue un papel fundamental como axente de desenvolvemento e modernización económica.

### 2. Remesas e retorno económico: un impacto tradicional aínda vixente

Historicamente, os galegos no exterior contribuíron ao desenvolvemento económico de Galicia a través das remesas, que durante décadas foron un apoio crucial para moitas familias. Estas transferencias económicas non só axudaban a aliviar a pobreza, senón que nalgúns casos financiaron proxectos locais, como a construción de escolas, especialmente en áreas rurais como A Mariña, financiadas por emigrados en Cuba. Este tipo de contribución económica supuxo un impulso á alfabetización e ao desenvolvemento local, demostrando o poder da diáspora para influír no progreso social e económico na súa terra de orixe.

Na actualidade, aínda que as remesas continúan sendo relevantes, o seu impacto é menor en comparación co pasado. Con todo, a diáspora segue desempeñando un papel crucial na economía a través de investimentos en negocios locais, a creación de emprego e o retorno de persoas con experiencia e coñecementos adquiridos no exterior. Este “capital humano” ten un valor incalculable para Galicia, xa que os retornados traen consigo novas tecnoloxías, habilidades e conexións que

poden ser esenciais para a modernización económica da rexión.

### 3. Capital humano cualificado: unha oportunidade para a innovación e a internacionalización

Uno dos aspectos máis prometedores da diáspora galega actual é o cambio no perfil do emigrante. A diferenza da emigración do século XX, na que predominaban persoas sen cualificación, os galegos que emigran no presente adoitan ter estudos superiores. Enxeñeiras, médicas, enfermeiras, profesionais de tecnoloxías da información e de sectores industriais especializados atopan oportunidades laborais no estranxeiro.

Este novo perfil de emigrante non só constitúe unha perda en termos de recursos humanos para Galicia, senón que tamén ofrece unha oportunidade única. Os emigrantes cualificados teñen o potencial de actuar como embaixadores do coñecemento e a innovación, creando redes internacionais que poden beneficiar tanto ás empresas galegas como ao propio sistema educativo e de investigación da rexión.

O establecemento de redes globais de galegos en sectores estratéxicos pode facilitar a transferencia de tecnoloxía e coñecementos, así como a internacionalización das empresas galegas. Estas redes poderían ser especialmente valiosas en sectores como o tecnolóxico, a biomedicina e as enerxías renovables, áreas onde Galicia está a buscar consolidar a súa posición no mercado global.

### 4. Programas de retorno e políticas de conexión: unha estratexia a longo prazo

Co fin de aproveitar o potencial da diáspora galega como axente de desenvolvemento económico e modernizador, sería conveniente que as institucións galegas e españolas adopten políticas activas que favorezan tanto o retorno como

a conexión cos galegos no exterior. Programas de formación e retorno, como os que xa comezaron a implementarse, son un bo primeiro paso, pero resultan insuficientes se non van acompañados de medidas máis integrais que fomenten a colaboración continua e o intercambio de coñecemento.

Unha das iniciativas máis innovadoras neste sentido foi o “Maratón de Galegidades” organizado polo IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), que reuniu a máis de 100 galegos de 27 países nos cinco continentes. Este tipo de eventos non só axudan a dar presenza á diáspora, senón que tamén son unha plataforma para xerar sinerxías e promover a cooperación en sectores estratéxicos.

Ademais, é fundamental que Galicia desenvolva unha estratexia de “diplomacia económica” que utilice á súa diáspora como unha ponte para facilitar as relacións comerciais e tecnolóxicas co exterior. Os galegos no estranxeiro poden actuar como elos para o establecemento de novas alianzas internacionais e a expansión das empresas galegas nos mercados estranxeiros.

### 5. O futuro da diáspora galega como motor de modernización

O futuro da diáspora galega como axente de desenvolvemento económico e modernizador dependerá en gran medida da capacidade de Galicia para integrar aos seus emigrantes nun marco de colaboración global. A dixitalización, as novas tecnoloxías e a globalización ofrecen oportunidades únicas para aproveitar o potencial dos galegos no exterior, sempre que se deseñen e apliquen as políticas adecuadas.

Neste sentido, é vital que Galicia desenvolva un enfoque integral que non só fomente o retorno, senón que tamén potencie a creación de redes globais de colaboración nos sectores máis relevantes e con maior proxección. A diáspora ga-

lega pode ser unha motor para a modernización da economía galega a través da transferencia de coñecemento, a internacionalización e o investimento.

### Conclusión

A diáspora galega, lonxe de ser un fenómeno do pasado, é hoxe máis importante que nunca como axente de desenvolvemento e modernización económica. Cunha poboación altamente cualificada e distribuída en mercados estratéxicos, os galegos no exterior teñen o potencial de actuar como unha ponte entre Galicia e o mundo. Aproveitar este capital humano e crear políticas que fomenten a súa integración no desenvolvemento económico rexional será, polo tanto, crucial para o futuro de Galicia.

**Serafín Pazos** Coordinador da Liña de investigación en Unión Europea do IGADI  
**Karan Novo** Economista e representante do Festival Emigrason

## 8. O asociacionismo galego en Bruxelas: banco de probas do futuro da galegitude

O 24 de Xullo de 2024 celebrouse o *Maratón de Galegitudes*. Organizado polo IGADI, foi un percorrido mundial da diáspora galega: entrevistas e tertulias online saltando de país e continente e retransmitidas en directo pola IGADITV- A [lista de reprodución](#) completa con vídeos por país, así coma un [resumo](#) dispoñibles en *Youtube* constitúe un valiosísimo documento para entender a diversidade e diferentes xeitos de entender a diáspora e a propia galegitude. Bruxelas non podía faltar, por capital de Europa onde miles de galegos viñeron traballar nas e arredor das institucións europeas e por capital de Bélxica, onde durante corenta anos existiu unha ampla comunidade galega que chegou a ter dous centros galegos un en Saint Gilles/Anderlecht (o barrio galego) e outra no centro.

O segmento bruxelense correu a cargo de Serafín Pazos, veterano en Bruxelas de 20 anos e secretario no seu día da [Asociación Couto Mixto Bruxelas](#), que aínda existe, e organizador do Festival de Cans en Bruxelase Karan Novo, con 4 anos na cidade e xa coordinador de dúas edicións do Festival [EmigraSon](#), de ampla repercusión mediática en Galicia. A moderadora e xornalista Marta Otero, sorprendeuse que a conversa adoptara rápido un ton moito máis reflexivo e non tan festivo que era a tónica xeral desta actividade previa ao Día de Galicia. Evidenciouse rapidamente dúas diferencias

sobre a necesidade e utilidade de organizar actividades culturais galegas no exterior. A xornalista, collida un pouco por sorpresa, apurou a pechar o coloquio, igual por medo a que subxacesse algunha cuestión persoal entre os intervintes.

Non é tal cousa; antes ao contrario, esta [conversa](#) é un rico resumo de 20 minutos dos dilemas aos que se enfronta a diáspora galega xa case superado o primeiro cuarto do século XXI.

Dicía Serafín Pazos, parcialmente retomando varios [traballos de investigación](#) sobre a diáspora galega en Bruxelas que a presenza galega non é a falta de xente (coma xa ocorre en moitos centros de emigración galega europea e latinoamericana) nin de iniciativas: hai só dez anos había dous centros galegos, entre eles a sala de festas privada máis grande de Bruxelas, unha xestora cultural con acceso a un teatro, varios grupos musicais e mesmo unha librería Galega e Portuguesa (Orfeu) a carón dunha tenda galega “Gallaecia” versión moderna das máis serodias das tendas e restaurantes que existían nos barrios galegos do sur da cidade, (e da que sobrevive “España Calidade”) e da que o Couto Mixto, fundado no 2006 supuña unha versión máis postmoderna, cultural e centrada nos galegos de maletín.

E malia todo isto, só unha década despois, para cando chegou o *EmigraSón* apenas quedaba nada. Moi doroso a desaparición sen dar nin pedir explicacións [pola desaparición dos bens do Centro Galego](#). Simbólico foi a enorme biblioteca, moito máis completa cá de moitos concellos de Galicia cun riquísimo fondo pagado polo goberno galego durante décadas e que desapareceu da noite á mañá, así coma todo o fondo documental de catro décadas de asociacionismo galego en Bélxica. Máis dramático aínda, logo de tanta presenza galega en Bruxelas a maioría de belgas e eurócratas non sabe que é Galicia nin onde está. En Bruxelas, coma en Galicia, sobran iniciativas pero falta con-

certación. Así que cada nova iniciativa faise conscientemente á marxe do que xa existía, en vez de construír sobre o pouso deixado por outros.

Karan Novo, pola súa banda mantén que as novas formas de emigración exterior galega, nos últimos tempos máis enfocados cara a grandes cidades europeas (Londres, Berlín, Bruxelas), mudaron na súa forma de relacionarse. No caso particular de Bruxelas, existen eventos esporádicos como poden ser o EmigraSON ou as actividades do Couto Mixto que recollen a parte da galeguidade. Tamén, organizados por varios grupos de WhatsApp que dinamizan quedadas nas datas máis relevantes para a diáspora; o día das Letras Galegas, o Apóstolo, ou os magostos. Dende o seu punto de vista, estas novas formas de relacionarse non rachan co “anterior”, coa idea que hai no imaginario galego dos centros galegos e a emigración, senón que só a transforman e están “cos tempos”.

Se ben é certo que todas estas iniciativas son impulsadas por individuais ou grupos de individuais, Karan mantén que se queremos posicionar Galicia na liga das grandes redes de poder de nacionalidades cohesionadas, como poden ser a catalá ou mesmo a italiana, é necesario crear e artellar unha rede de galegos en Bruxelas que parta dunha estratexia en conxunto coa Xunta de Galicia, e que poda servir como rede de apoio e de contactos.

Non é de esquecer que unha gran parte de galegos e galegas que traballan en Bruxelas, coñecen os labirintos das políticas europeas, da importancia de estar e de tratar de influír moito antes de que estas se publiquen e o que é máis importante: están posicionados no núcleo do *policy-making* que despois afecta ás actividades políticas, sociais e económicas de Galicia.

Capitalizar isto debería ser unha prioridade na política exterior da Xunta en un sitio como Bruxelas, na que teñen unha oficina (a Fundación

Galicia Europa) que cuns recursos limitados chega máis lonxe do que poderíamos pensar en temas de política comunitaria.

A creación dun Foro Galego en Bruxelas que dinamizase actividades tanto sociais como de traballo podería ser dun gran valor engadido para Galicia. Dende a organización de xuntanzas despois de traballar (*after-works*, para os anglófilos) para cohesionar á diáspora galega, ata charlas de entidades galegas que viñeran expoñer ás súas prioridades á capital comunitaria, pasando por actividades que poñan en valor a gastronomía, a cultura, a música galega para que o *soft-power* que ten Galicia siga medrando serían dun valor enorme para o potencial que podería ter o pobo galego en materia comunitaria.

**Carlos Pazos** Investigador asociado do IGADI-Observatorio Galego da Lusofonía e profesor da Universidade

## 9. Os Lisboaanos na agenda galega em/para Portugal

Parece punto assente na Galiza o potencial relacional das históricas redes que os galegos e as galegas foram construindo ao longo dos séculos nos quatro cantos do mundo. Com efeito, as redes de variado tipo que o fenómeno migratório galego teceu em diferentes territórios pelo mundo fora funcionaram, no seu momento e também agora, como plataforma propícia para promoção de intercâmbios sociais, económicos e até simbólicos para a Galiza atual.

Num momento em que a Estratexia Galega de Acción Exterior parece ganhar forma, convém considerar o contributo central dos capitais de diferente signo associados à emigração galega. Neste quadro, acreditamos na relevância e potencial do legado vinculado à longa emigração galega a Portugal.

Apesar da escassa visibilidade (surpreendente nalguns casos, diga-se de passagem) em meios académicos e outros, se comparada com o que sabemos e pensamos acerca da emigração com destino ao continente americano, a emigração galega com destino a Portugal constituiu um fenómeno de origem temporal longínqua, acelerado em todo o caso a partir do século XVIII e vigente até meados do século XX. Com destaque para a cidade do Porto ou as encostas do Douro e especialmente para Lisboa, foram muitos os galegos (tratou-se fundamentalmente de um fenómeno masculino) que, com lógicas pendulares ou fixando-se na terra de destino, rumaram a Portugal na procura de

oportunidades laborais (também, cabe ter presente, como destino para o exílio).

Lisboanos de Lisboa  
que vindes fazer ao eido?  
Vindes enganá-las moças  
coa sona do dinheiro.

Como indicia esta cantiga (recolhida por Wiktoría Grygierzec e Xesús Ferro) no sul da Galiza, em Caritel concretamente, a comunidade galega de Lisboa, nutrida de várias dezenas de milhares de indivíduos, experimentou entre finais do século XIX e princípios do século XX uma notável complexificação qualitativa em que emergem os tais Lisboaanos, galegos de posição profissional e económica avantajada: professores, proprietários, donos e sócios de fábricas e outras iniciativas comerciais. Muitos destes galegos abastados trabalham na hotelaria, sendo proprietários de emblemáticos cafés e restaurantes, como o Hotel Francfort, o Café Suíço, o Irmãos Unidos da família Guisado, os restaurantes Estrela d’Ouro, Estrela da Sé, Gambrinus, etc. Paralelamente a esta ascensão económica e social de uma parte significativa da comunidade galega em Lisboa, surge uma série de iniciativas que, pouco e pouco, constroem um património simbólico e cultural na capital portuguesa (a Lisboa galega, poderíamos dizer) que chega de alguma forma até o nosso presente. Destaca-se o início do lançamento de uma longa série de publicações periódicas (*El Gallego*, 1881, seria a primeira) e a criação de organizações que com diferentes objetivos congregavam os membros da colónia (a mais importante e ainda ativa, Juventud de Galicia, de 1908). Além de contribuir à coesão interna da própria comunidade galega, as associações e publicações periódicas estavam ao serviço dos interesses dos Lisboaanos (com o passar do tempo, mais focados em somar ao ca-



pital económico outros capitais) e, em geral, de todos os emigrantes galegos em Portugal.

A partir deste quadro aqui rápida e sinteticamente descrito, entendemos que a agenda galega para Portugal, em termos de diplomacia cultural particularmente, tem no legado poliédrico da emigração em terras lusas um conjunto estimável de bens disponíveis para a sua ativação em diferentes direções. A modo de exemplo: no caso de a Galiza pretender ter uma representação estável na capital da República vizinha, a atual Xuventude de Galicia - Centro Galego de Lisboa (fundado, como dizíamos, em 1908) conta com um magnífico palacete (doação de uma conhecido Lisboa, Manuel Cordo Boullosa) que poderia acolher, havendo confluência de vontades e objetivos, a desejável Casa da Galiza em Portugal. Isto, naturalmente, sem descurar a presença no Norte, necessitada de um maior impulso no caso da cidade do Porto. Por outro lado, será sempre bom ter presente as notáveis relações económicas que, a partir da entrada dos dois estados peninsulares na União Europeia, apresentam uma clara tendência de maiúsculo crescimento, em certa medida singular no quadro ibérico.

Se a tal agenda exterior da Galiza priorizar Portugal (e o espaço abrangido pela denominada Lusofonia), tem ao seu dispor um conjunto alargado de bens e ferramentas – capitais, doutra perspectiva – que passam, como é sabido pelos históricos vínculos do país com o seu sul histórica e culturalmente natural (de alguma forma consignados na Lei Valentim Paz Andrade). Tem ademais, defendemos aqui, um outro espaço de atuação no fenómeno histórico (ainda parcialmente vivo) da emigração com destino em Portugal (também na direção inversa, i.e. emigração portuguesa com destino à Galiza), em Lisboa nomeadamente, disponível para a sua ativação em termos de diplomacia cultural; por outras palavras, a Galiza já

conta com uma Tradição de seu, não excêntrica, em Portugal, útil para as ações de projeção a sul que se considerarem. E, a modo de reflexão final e alerta, acrescento: (i) contra certa tendência atual, o nosso sul não deveria acabar no rio Douro ou no Mondego; (ii) apesar dos ingentes capitais em direção meridional, com Portugal (e a tal Lusofonia), vamos chegando tarde mas talvez ainda a tempo de pensar, planificar, atuar e avaliar; e (iii) a tal planificação poderá, como aqui se propõe, focar-se menos em vieiras jacobinas e mais em iscas à galega...

Coda: em 2025 os três Centros de Estudos Galegos das universidades portuguesas (Universidade do Minho, Universidade Nova de Lisboa e Universidade do Algarve), em parceria com um projeto de investigação liderado por investigadores da Faculdade de História da Universidade de Santiago de Compostela, pretendemos de alguma forma visitar a Lisboa galega num evento académico e cultural a realizar na capital portuguesa.

**Facundo Reyna Muniaín** Investigador asociado do IGADI-Observatorio das Diásporas  
**Paula Sabajanes** Xornalista e integrante de Galegas na Diáspora

## 10. O papel das galegas e galegos de Arxentina

A Galicia arxentina ten moito que dicir na nosa identidade. Non podemos fitarnos no espello sen ver os trazos de tantas mulleres e homes que uniron estes dous finisterres no andar dos séculos. Forma parte do tapiz colectivo, desta construción social e histórica que hoxe nos sitúa no mundo dun xeito tan singular. Chegamos aos confíns da terra explorando horizontes, perseguindo soños e convivindo en paz con “outredades” en todas as latitudes do globo. Neses camiños enriquecemos a nosa propia historia. Galicia, tal e como a coñecemos hoxe, non se entende sen o percorrido infatigable das súas xentes. E Arxentina merece un capítulo especial.

A primeira grande onda das migracións galegas tivo lugar a finais do século XIX cando miles cruzaron o océano Atlántico en busca dunha vida mellor. Máis de medio millón de galegos chegaron a Arxentina, cambiando o panorama demográfico do país de orixe e dando lugar a unha comunidade de preto de nove millóns de galegos de segunda ou terceira xeración en Arxentina.

Centos de institucións medraron co esforzo común e colectivo en toda a xeografía arxentina. Reunidos maioritariamente pola súa procedencia xeográfica, organizáronse para dar acubillo aos “paisanos” e ser punto de referencia social, cultural e tamén de apoio económico. Hai sociedades de socorros mutuos, recreativas e deportivas desde o norte do país ata a cidade máis ao sur da Patagonia. Moitas delas enfróntanse desde hai décadas á redefinición do seu rol nunha colectivi-

dade que vai mudando de realidade, pasando dos primeiros emigrantes ás segundas ou terceiras xeracións que procuran outro exercicio da súa identidade, tamén como arxentinos.

A nosa lingua fálase nas rúas porteñas con orgullo e liberdade desde antes de que Castelao escribise alí “Sempre en Galiza” e pintase “A derradeira leición do Mestre”. Hoxe, o Galego medra con forza xunto ao salón que custodia esa obra de arte insigne para o noso pobo no Centro Galicia de Bos Aires. Preto de 500 cativos edúcanse en aulas de cultura, literatura, música e idioma galego no Instituto Santiago Apóstolo, un centro educativo incorporado á ensinanza formal arxentina ao que concorren fillos e netos de emigrantes, pero tamén rapaces doutras orixes.

O papel da emigración galega en Arxentina ten sido crucial na proxección internacional de Galicia. Cada un deles é un embaixador cultural, da lingua, da gastronomía, da música e das tradicións nas pampas. A través da súa influencia, a cultura galega é coñecida, valorada, adoptada como propia.

As remesas enviadas a Galicia sostiveron familias e contribuíron ao desenvolvemento económico, especialmente durante a Guerra Civil Española e a ditadura. Esta conexión económica favoreceu logo a creación de empresas e unha cámara empresarial. Políticamente, a influencia galega na sociedade arxentina é clara, con descendentes de emigrantes en cargos destacados, como Adolfo Pérez Esquivel, galardoado co Premio Nobel da Paz en 1980, que defendeu os Dereitos Humanos e a memoria das vítimas de persecución. Ou os numerosos presidentes arxentinos de orixe galega como Raúl Alfonsín.

As Nais da Praza de Maio, moitas de orixe galega, son un símbolo de resistencia e solidariedade. A súa loita pola verdade, a memoria e a xustiza durante os momentos máis difíciles da historia

arxentina exemplifica a valentía e determinación da nosa estirpe. Culturalmente, a herdanza galega floreceu en Arxentina grazas a diversas asociacións que fomentan a cultura e a organización comunitaria. Desde a década de 1990, iniciativas como festivais e feiras gastronómicas permiten visibilizar e preservar as nosas tradicións. Figuras como Alfonso Daniel Rodríguez Casteano, Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo, destacados pola súa arte e compromiso co legado cultural, deixaron unha forte pegada en Arxentina e redactaron desde “A Galicia Ideal” algunhas das páxinas fundacionais da nosa historia recente.

É preciso considerar a complexidade do pasado e ver que as novas xeracións de galego-arxentinos promoven ideas atendendo aos retos actuais. O colectivo Galegas na Diaspora é un exemplo da militancia feminista en Arxentina, que xurde ao abeiro das mobilizacións a prol da aprobación da Lexislación da Interrupción Legal do Embarazo en 2020. Así, a diáspora galega insiste en traballar para subliñar valores de igualdade e xustiza social. Ademais, a Agrupación García Lorca reivindica o 14 de abril como o Día do Exiliado Republicano Español, mantendo viva a memoria histórica e defendendo os dereitos dos exiliados, un aspecto central na identidade dos galego-arxentinos.

Esta diáspora galega ten deixado unha pegada indeleble na política e na cultura do país. Os galegos, ao establecerse en Arxentina, trouxeron con eles as súas tradicións, a súa lingua e un espírito de resiliencia que forma parte da identidade nacional arxentina actual.

Estas dinámicas de cambio son críticas para a reconstrución da identidade colectiva galego-arxentina. A colaboración entre diferentes colectivos e forzas sociais é vital para construír un proxecto común que enriqueza a vida cívica e cultural permitindo que as voces de todas as persoas, independentemente da súa orixe, sexan escoitadas. A

defensa dos dereitos das mulleres e a reivindicación da memoria histórica son elementos que, ao entrelazarse, contribúen á creación de sociedades máis xustas e igualitarias.

A preservación da cultura galega entre as novas xeracións que nacen en Arxentina é un desafío. Tanto como a do significativo número de emigrantes que retornaron desde Arxentina a Galicia, e que abordan a súa nova vida cunha “morriña” “en espello”, agora do país que deixaron atrás. Movidos pola situación política e económica arxentina, atopan alén mar un lugar que, a pesar de ser a súa terra de orixe, tamén é un espazo onde reafirmar a súa identidade poliédrica. Os retornados, que experimentan un complexo proceso de adaptación e reintegración, reclaman o pleno dereito de ser considerados galegos “de primeira”. Son parte integral dunha diáspora que comparte unha historia común de loita e resiliencia. Este sentimento de pertenza e a reivindicación da identidade galego-arxentina son fundamentais para que os retornados poidan reconectar coas súas raíces ao tempo que buscan contribuir á sociedade galega e preservar un legado cultural.

Estamos rotundamente convencidos de que a identidade galega latexa cun acento propio no país austral. Na lembranza inmorredora das xentes que preservaron con dignidade o nome das súas aldeas no máis destacado das súas tendas, bares, empresas e tamén no exercicio dos plenos dereitos que temos como parte activa dunha sociedade á que pertencemos legal e espiritualmente.

**Manuel Martínez Justo** Profesor na UNAM México

## 11. A migración galega a México e as perspectivas de colaboración

México sempre foi un país de acollida, tránsito e expulsión de traballo. Para os galegos foi como unha segunda terra que foi transformando as súas vidas, levando consigo os seus lugares de orixe, de tal xeito que trasladaron alí festas, tradicións, cultura, música, comida e mesmo formas de falar; xa que “a migración deste grupo de poboación a terras mexicanas resultou ser un dos procesos migratorios máis exitosos en termos económicos, de integración social e de vinculación social con Galicia”.

### Da conquista ás ondas migratorias

A migración galega a México é tan antiga como a súa propia conquista. Cóntase que Hernán Cortés tiña ao seu mando un capitán chamado Hernán de Lema, así como outros 111 daquelas terras, posteriormente sumaríanse a este proceso outros galegos, como foi o caso de San Sebastián de Aparicio, nado na Gudiña, Ourense, que morreu en Puebla de los Ángeles, México, despois dunha importante labor evanxelizadora nesas terras.

A pesar destes antecedentes, ao longo da época colonial e do primeiro século do México independente, non atopamos unha inmigración notable. Non será ata principios do século XX — como se refire Carlos Ferras Sixtos na súa obra “De Avión a Jalisco. Historia e perfil socioeconómico da emigración galega a México na segunda metade do século XX” — no que se produciu a primeira vaga migratoria importante entre 1920 e 1930,

sendo os galegos o 22% de toda a poboación española que chegou a este país latinoamericano.

Esta intensidade migratoria non se repetiu ata mediados dos anos 70 debido á ruptura das relacións diplomáticas entre México e o franquismo. Isto non quere dicir que se interrompese totalmente, senón que se fixo máis pequena e basicamente a través de Cuba, que actuaba como país de tránsito de moitos galegos chegados a terras aztecas. A migración neste caso produciuse co exilio e chegaron galegos que contribuirían de xeito importante á cultura, á educación e á política, tanto mexicana como galega. Tal foi o caso de Carlos Velo, destacado cineasta e galeguista, Juan Rogelio García García, actor e guionista coñecido en México como Juan Orol, Prudencia Griffel, de orixe lucense, e mesmo Modesto Seara Vázquez, nacido en Allariz e creador de universidades relevantes neste país, entre moitos outros.

A partir do último terzo dos anos 70, a migración experimentou un importante incremento. Porén, foi unha poboación de traballadores e persoal cualificado que chegou ao país grazas aos investimentos e ao aumento do comercio exterior; polo tanto, residían temporalmente, para estadias de curta ou media duración, e algúns acabaron quedando permanentemente.

Paralelamente, o crecemento migratorio tamén se produciu, nesta etapa, pola chegada de familias da diáspora que volveran a Galicia e regresaran cos seus fillos a México despois de preparalos academicamente en España, así como das esposas ou maridos destas e dos seus fillos e as súas familias, formando así unha nova rede de atracción migratoria.

### As xeracións da diáspora galega e as súas características

En México podemos distinguir polo menos tres grandes xeracións da diáspora galega. Os que

chegaron nas primeiras oito décadas do século XX, caracterizados por ter pouca preparación, pero que iniciaron unha intensa actividade económica e empresarial, traballando como *aboneros* (vendedores de porta a porta) ou con pequenos comercios (cantinas, alimentación, tendas, baños e hoteis) cos que xeran maiores investimentos. É unha sociedade extremadamente endogámica formada moitas veces por matrimonios con persoas do seu propio concello, comarca ou provincia. En moitos casos, fíxose para garantir: 1) sociedades máis fortes ou 2) a continuidade dos que traballaban nos seus negocios.

Unha segunda xeración estaría formada polos fillos de inmigrantes formados en México, Galicia, España ou outros países, que transformarán as pequenas empresas en auténticas empresas e comezarán a participar na vida económica como profesionais liberais e ingresarán na política, na academia como docentes, ou noutras áreas relevantes do país. Esta xeración é máis aberta, rompe a endogamia e tende a establecerse de xeito máis permanente no país, cun nivel de vida superior ao que estaba afeito a xeración anterior. Un exemplo diso sería, entre outros, Juan Camilo Mouriño, secretario de Gobernación durante a presidencia de Felipe Calderón (2006-2012).

A terceira xeración está formada polos fillos de galegos nados en México. Son persoas con raíces e identidade nos dous países. As súas vidas transcorren neste país latinoamericano, séntense mexicanos, pero ao mesmo tempo conservan a idiosincrasia galega, falan menos galego na súa expresión cotiá, aínda que o entenden e o empreguen como elemento de identificación e diferenciación e lles guste volver a esas terras, aos que “mexicanizan coa súa fala e comportamento”.

A diáspora galega en México responde a criterios diferentes aos que se atopan noutras partes do mundo e foise integrando discretamente na

vida empresarial mexicana. Non mencionan abertamente as súas orixes, prefíren mantelas entre si, pero manteñen os códigos de pertenza e de identidade, a unha ou outra parte do mundo, e lévano a onde van. Non é estraño que nas zonas onde teñen a súa orixe se lles chame “mexicanos” e celebren as festas con comida e música, sentíndose orgullosos da terra onde chegaron e acubillaron.

Avión, Beariz, Nogueira de Ramuin, Boboras, Carballiño en Ourense, A Lama, Pontevedra, e en menor medida algúns outros concellos, son o berce destes mexicanos-galegos que se dan cita no Centro Galego de México, así como os restaurantes de comida galega para charlar, socializar e falar de negocios.

#### Perspectivas de colaboración e vinculación

O recoñecemento das diferenzas xeracionais e a apertura e inserción da diáspora poden xerar interesantes sinerxías no traballo de vinculación de Galicia e México, que sen dúbida ten un potencial moi amplo. É unha comunidade discreta no seu comportamento, conectada ao entorno, que sen dúbida pode contribuír ao traballo de *cabildeo* co goberno mexicano a todos os niveis: local, estatal e federal.

A visión empresarial estará presente e o intercambio de bens e servizos, coa conseguinte xeración de investimentos e emprego, é un nicho interesante de explorar e unha boa forma de traballar con esta comunidade. Hai unha asociación de empresarios galegos que pode ser a pedra angular deste eido.

O traballo cos galegos desta terceira xeración a través de programas de vinculación, a investigación conxunta coas universidades, así como o fomento do coñecemento, a identidade e o achegamento ás súas terras de orixe, son fundamentais para recuperalos e incorporalos a Galicia e á súa proxección exterior.

A cultura, a arte e o deporte estiveron parcialmente ausentes nesta relación onde a diáspora pode xogar un papel importante. O folclore, a música, a gastronomía e a cultura en xeral poden atopar un novo renacemento nos próximos anos e ofrecer unha interesante ferramenta para preservar e fortalecer tanto o vínculo coas novas xeracións como o seu sentido de identidade.

En definitiva, a colaboración entre México e Galicia, a través da intermediación da comunidade mexicano-galega, ten grandes expectativas de desenvolvemento. E aínda que non é unha diáspora que oficialmente semelle importante (30 mil galegos) en México, na práctica pode xogar un papel relevante e impactante en Galicia, as súas provincias e localidades.

**Arantxa Fernández Crespo** Directora da Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana

## 12. Cuba e Galicia en eternas diásporas

### A emigración galega en Cuba

Ao meu entender, a relación entre Galicia e Cuba pasa por tres momentos históricos no que atinxe ao fenómeno da emigración.

Entre mediados do século XIX e mediados do XX márcase tradicionalmente o fenómeno de diáspora galega cara a Cuba, aínda que algúns historiadores adiántana a principios do XIX, e cae bruscamente en 1959 coa Revolución de Fidel Castro. Nese tempo, alén de moitos matices, podemos afirmar que hai un contacto continuo e fluído entre ambas as ribeiras.

O valeiramento progresivo da Galicia empobrecida cara América -especialmente cara a Cuba- ten carácter de epopea, até o punto de se fixaren no noso imaxinario cultural certas marcas indelebres que chegan até os nosos días. Conceptos como a aldea de acó e de acolá, as leiras da Habana, frases feitas e refráns aínda fan parte da nosa fala; as pegadas deixadas polas continuas vagas de emigrantes por máis de cen anos seguen vivas e tanxibles: as escolas de instrución, os lavadoiros públicos, os teatros, as casas de indianos, os paseos, as palmeiras, os monumentos; a Cuba debémolle a nosa historia e a nosa identidade: o himno, a bandeira, a edición de Follas Novas de Rosalía de Castro, as corais de Castro Chané, os poemas de Curros, a Real Academia Galega, o poeta da raza Cabanillas, as Irmandades da Fala, a loita agrarista, non serían iguais sen a emigración a Cuba.

### A personalidade galega máis sobresaínte

En Cuba a presenza galega tamén fai parte da identidade cubana, da súa definición, da súa esencia: son galegos todos os peninsulares, as mellores pernas son as das galegas, é galego o personaxe que comparte co negro e a mulata o xénero teatral máis puramente cubano. Galegos houbo que triunfaron, pero foron os menos. O galego máis exitoso foi o pobo galego, a colectividade enteira, as pegadas galegas máis impresionantes son edificios societarios, como o Ilustre Palacio do Centro Galego, os centos das Sociedades de Instrución que espallaron a toponimia galega por toda a illa, o Plantel educativo “Concepción Arenal” exemplo de excelencia, que aínda subsiste como escola primaria, e sobre todo as “Hijas de Galicia” a institución societaria de auxilio á muller e o neno, nacida en 1917 na que se afiliaron ao longo de 50 anos de existencia máis de dúas centas mil mulleres, que chegou a ter o seu propio hospital desde 1924 e un balneario que propiciaba a vida familiar e a reunión da colectividade. Até hoxe en día, máis da metade dos habaneiros din ser “fillos de Galicia” porque naceron nese entrañable hospital.

A fotografía conxelada da emigración galega

O feito de ser o de Cuba o continxente máis antigo do fenómeno diaspórico galego fai que tamén sexa o primeiro en desaparecer. Primeiro polos novos fluxos migratorios cara outros países de América, como Venezuela, Uruguai, Brasil, mais tamén polo propio proceso da Revolución cubana que cortou en seco esa comunicación, por tanto, a idea de Galicia quedou conxelada en 1959, os que marcharon non volveron e os que quedaron perderon os vínculos coas súas orixes. Galicia ficou nunha fotografía dos cincuenta, que co tempo se foi deturpando con tópicos errados, estereotipos rancios, historias repetidas por varias xeracións. Hoxe en día, os galegos nativos morreron, os fillos son anciáns, os netos adultos e os bisnetos

xa carecen transmisión. O fío natural da memoria crebou, fica a penas nos documentos, nas fotos, nas cartas, nas actas de todas esas sociedades e nalgúns familias que aínda saben ler nelas cos ollos da memoria. Todo isto estase perdendo porque Cuba está a sufrir unha nova diáspora, un éxodo masivo a calquera lugar. A lei de memoria histórica e de memoria democrática de España provocaron que calquera cubano cun pasaporte por Galicia abandone Cuba para non regresar. Ao desapareceren os vellos o fío natural da transmisión fica roto para sempre. Non hai posibilidade de recuperación desa memoria histórica.

### Onde está o futuro da nosa identidade

É un momento crucial para recoller e salvaguardar os restos do noso patrimonio inmaterial común, é o tempo de crear en Cuba o Arquivo da emigración galega que permita rescatar e preservar toda a documentación societaria e familiar que aínda quede. As institucións galegas como o Consello de Cultura Galega, as universidades, o propio goberno teñen que tomar urxente conciencia desta situación de risco na que se atopa unha parte indisoluble da nosa historia. Sen Cuba, sen América, sen a epopea da emigración non estamos completos, non podemos entendernos nin explicarnos. E moito menos, querernos.

Por outra banda, estase dando un cambio estrutural na promoción da cultura galega na emigración. Os Centros galegos, pola propia evolución natural, convertéronse en oficinas administrativas tramitadoras de axudas e programas para os novos galegos, na súa maioría descendentes da diáspora pero desculturizados en galego, pero perderon a súa capacidade de convocatoria para a celebración colectiva e de expresión de una cultura e tradicións comúns. Trátase dun proceso inevitable de afastamento da Galicia actual, que non sendo exclusivo de Cuba, nin dos galegos, adoece

en América e esmorece definitivamente na illa. O relevo só pode vir dos centros de estudos galegos espallados polas universidades e conformados maioritariamente por nativos galegos ou descendentes directos, próximos á terra e ao presente, que alén do labor académico, tamén impulsan actividades de extensión cultural e reencontro coa Galicia territorial actual, real. En moitos lugares, estanse a converter nun lugar de encontro das novas xeracións de emigrantes galegos que non teñen nada a partillar con vellos socios das casas e centros galegos. Noutros constrúen una imaxe positiva e moderna de Galicia entre a mocidade nativa do país.

No caso de Cuba, A Cátedra de Cultura Galega “Xosé Neira Vilas”, en funcionamento desde 1992, ofrece docencia de lingua, literatura e cultura galega, dirixe investigacións de corte científico entre o alumnado universitario e promove intercambios académicos con institucións tanto cubanas, galegas como internacionais. Mais tamén imparte cursos nas sociedades galegas da diásporas e coordina con elas actividades con contidos culturais próximos á realidade actual galega. Este contacto derivou indefectiblemente na preocupación da Cátedra pola deterioración do patrimonio inmaterial e tanxible galego da illa e a urxencia de preservalo e protexelo. Polo tanto, dun xeito natural, a Cátedra Galega devén garante mellor cualificada para fomentar e preservar a cultura galega dentro de Cuba.

En xeral, esta situación replícase en moitos dos contextos onde radican os centros galegos do mundo e máis marcadamente en América, receptora dos continxentes galegos máis antigos. Varios informes do CCG apuntan a este papel de “plataformas excepcionais para a difusión da cultura (CCG, 2018). Concordo co Consello na necesidade de fornecer debidamente a Rede de Centros de Estudos Galegos e darlles soporte para conver-

telas no novo axente dinamizador e protector da cultura galega. Cómpre abrir un debate máis amplo na sociedade galega sobre o futuro da nosa diáspora, sobre o noso legado da emigración e sobre os nosos interlocutores naturais e históricos fóra da Galicia territorial.

**Antón Corbacho Quintela** Profesor da Universidade Federal de Goiás – UFG e membro da Xunta Directiva da Asociación Internacional de Estudos Galegos

### 13. A emigração galega ao Brasil e os efeitos da aculturação no ano 2024

Nas dúas últimas décadas, o número de galegos residentes no Brasil non tem parado de crecer. No ano 2005, segundo o Instituto Nacional de Estadística (INE, 2005), para as eleccións ao Parlamento da Galiza de 19 de junho había no Brasil 25.208 galegos residentes com direito a voto. Para essas mesmas eleccións, em fevereiro 2024 o número tinha aumentado a 45.391 (INE, 2024), ou seja, um aumento de quase 80%, facendo do Brasil o terceiro país com mais galegos sob a clasificación de residentes ausentes, atrás da Argentina e de Cuba.

Esses dados podem ser relativizados considerando algumas ressalvas. Por exemplo: nas eleccións ao Parlamento de 2020, dos 43.158 galegos (INE, 2020) cadastrados no Brasil com direito a voto, só exerceram esse direito 101 pessoas (PUNZÓN, 2020). Além disso, em 2022 (SECRETARÍA..., 2022) foi divulgado que tinha diminuído, de 11.059 para 10.980, o número de galegos nascidos na Galiza residentes no Brasil. Conclui-se que, enquanto, sobretudo por óbito, vai se reduzindo o número de emigrantes galegos no Brasil, está aumentando, paralelamente, o número de eleitores galegos no Brasil. Isso pode parecer um dado contraditório. Significa, no entanto que, embora a colônia galega envelheça e esteja começando a desaparecer, os filhos e netos brasileiros desses emigrantes solicitam a nacionalidade espanhola e recebem o passaporte da União Europeia engrosando, com isso, o Censo eleitoral de espanhóis

residentes ausentes que moram no estrangeiro (CERA).

A relativização acima deve ir acompanhada do apontamento de que, na atualidade, haveria, aproximadamente, 10 mil naturais da Galiza, com uma alta média de idade, residindo em um país de 203 milhões de habitantes (IBGE, 2023), o qual, em proporção, de uma perspectiva quantitativa, torna irrelevante a presença galega no Brasil no séc. XXI.

Os galegos deixaram de emigrar em massa ao Brasil a meados de 1960; no entanto, ainda que seja muito difícil de precisar, calcula-se que, entre as décadas de 1880 e 1960, puderam ter desembarcado e permanecido no Brasil 200 mil galegos. Embora tenha sido, dentro das dimensões do Brasil, uma quantidade pequena, a chegada de galegos foi constante durante esse período; além disso, uma parte considerável desses emigrantes concentrou-se em poucas cidades do litoral – Salvador, Rio de Janeiro, São Paulo e Santos, o que possibilitou a visibilidade dessa presença.

Diversas pesquisas acadêmicas analisaram a história dessa emigração e a sua contribuição nos campos sociais brasileiros; destacam-se as obras *Galegos no Paraíso Racial*, de Jefferson Bacelar (1994), sobre os galegos de Salvador, *A imigração galega em São Paulo, 1946-1964*, de Elena Pájaro Peres (2003) e *Galegos no Rio de Janeiro (1850-1970)*, de Érica Sarmiento da Silva (2006). Por outro lado, a emigração galega foi usada como matéria repertorial para as ficções de quatro narrativas publicadas no Brasil: *A República dos Sonhos*, de Nélida Piñon (1984), *Vida, Paixão e Morte Republicana de Don Ramón Fernández y Fernández*, de Nelson Correia de Araújo (1987), *Nas ruas do Brás*, de Drauzio Varella (2000) e *Demerara*, de Wagner G. Barreira (2020). Todavia, o produto de ficção que, devido ao impacto gerado, mais contribuiu à construção de uma representação sobre

a Galiza – concretamente, a representação de nuances feéricas do território em que finaliza um Caminho espiritual e transformador – nada teve a ver com a emigração; trata-se do romance *Diário de um mago*, de Paulo Coelho (1987).

Para entender, na atualidade, a presença galega no Brasil é fundamental prestar atenção aos princípios que marcaram a política migratória brasileira desde o início do séc. XX. Essa política, sob uma orientação nacionalista visou à integração dos imigrantes e teve pleno sucesso no tocante à assimilação dos não nacionais na sociedade do Brasil. Assim, ao longo do séc. XX, a seleção e o controle das entradas de estrangeiros, a proibição da chegada de contingentes de sujeitos com idiosincrasias avaliadas como estranhas à identidade nacional, a supervisão do associacionismo dos estrangeiros e a vigilância das suas atividades políticas, junto à educação de seus filhos em escolas nacionais, tiveram os efeitos desejados pelo Estado.

O efeito dessas políticas públicas entre os imigrantes galegos foi ter favorecido a sua aculturação na sociedade brasileira. Nesse sentido, as facilidades para a incorporação e a adaptação e, inclusive, as medidas tomadas pelas autoridades brasileiras para evitar que os estrangeiros gerassem guetos, fizeram com que os trabalhadores galegos não se associassem e criassem centros nacionais para a cultura, o lazer e as mutualidades de um modo análogo ao dos seus homólogos na Argentina e em Cuba. As três instituições mais antigas ainda em funcionamento, estreitamente vinculadas à emigração galega, são a Sociedade Espanhola de Beneficência, fundada em 1859 no Rio de Janeiro, o Clube espanhol, em Salvador, e o Grêmio espanhol, em Belo Horizonte, ambos fundados em 1911. Além disso, outra particularidade do Brasil é não ter sido destino de exilados galegos durante a ditadura franquista; pelas autoridades brasileiras, só foram enquadrados sob o

estatuto do asilo político os 12 comandos galegos do Diretório Revolucionário Ibérico de Liberação (DRIL), coordenado por José Velo Mosquera, desembarcados, no porto de Recife, no dia 3 de fevereiro de 1961.

Em 2024, perante uma colônia de emigrantes galegos envelhecida e em processo de desaparecimento, a projeção da Galiza no Brasil tem acontecido por três vias. Em primeiro lugar, há que considerar as impressões que transmitem os mais de 1.000 brasileiros que, em média, entram a cada ano na Galiza desde o início deste século fazendo o Caminho de Santiago. Em segundo lugar, essa projeção acontece mediante as notícias, os relatos e as trocas que sobre a Galiza produzem os, aproximadamente, 10 mil brasileiros que, na atualidade, residem na Galiza (SECRETARÍA..., 2009).

Em terceiro lugar, através do campo acadêmico, o qual, além de permitir constantes intercâmbios de estudantes e professores, tem gerado dezenas de pesquisas cujos objetos de estudo são questões galegas de interesse para o Brasil, como os estudos medievais, o campo literário ou o turismo. Nesse âmbito, cumpre ressaltar o grande labor que, para a difusão do campo cultural galego, vêm realizando os centros de estudos galegos da Universidade Federal da Bahia e da Universidade Estadual do Rio de Janeiro, o Núcleo de Estudos Galegos da Universidade Federal Fluminense e a Cátedra de Galego da Universidade de São Paulo. Conclui-se que, na atualidade, a manutenção dos elos entre a Galiza e o Brasil está deixando de estar vinculada à emigração galega no Brasil para ser exercida pelos brasileiros que se deslocam até a Galiza e por agentes do campo cultural e do campo econômico de ambos os territórios interessados em projetos em comum.

## Referências

- ARAÚJO, Nélon Correia de. Vida, Paixão e Morte Republicana de Don Ramón Fernández y Fernández. In: \_\_\_\_\_. Três novelas do povo baiano. Salvador: Ianamá, 1987.
- BACELAR, Jefferson. Galegos no Paraíso Racial. Salvador: Ianamá/ CEAO/ CED, 1994.
- BARREIRA, Wagner G. Demerara. São Paulo: Editora Instante, 2020.
- COELHO, Paulo. O diário de um mago. Rio de Janeiro: Eco, 1987.
- IBGE – Instituto Brasileiro de Geografia e Estatística. De 2010 a 2022, população brasileira cresce 6,5% e chega a 203,1 milhões (27 out. 2023). Disponível em: <<https://agenciadenoticias.ibge.gov.br/agencia-noticias/2012-agencia-de-noticias/noticias/37237-de-2010-a-2022-populacao-brasileira-cresce-6-5-e-chega-a-203-1-milhoes>>. Acesso em: 06 out. 2024.
- INE – Instituto Nacional de Estadística. Elecciones al Parlamento de Galicia de 19 de junio de 2005. Disponível em: <<https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t44/p05/a2005/I0/&file=0306.px>>. Acesso em: 06 out. 2024.
- INE – Instituto Nacional de Estadística. Elecciones al Parlamento de Galicia de 12 de julio de 2020. Disponível em: <<https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?tpx=37344>>. Acesso em: 06 out. 2024.
- INE – Instituto Nacional de Estadística. Elecciones al Parlamento de Galicia de 18 de febrero de 2024. Disponível em: <<https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?tpx=67071>>. Acesso em: 06 out. 2024.
- PERES, Elena Pájaro. A imigração galega em São Paulo, 1946-1964. São Paulo: Editora da Universidade de São Paulo/ Fapesp/ Imprensa Oficial do Estado, 2003.
- PIÑON, Nélica. A República dos Sonhos. Rio de Janeiro: Editora Record, 1984.

- PUNZÓN, Carlos. Caos en el voto exterior: las sacas en votos para los gallegos de Venezuela no llegaron a salir de Barajas (15 jul. 2020). Disponível em: <[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2020/07/14/sacas-votos-gallegos-venezuela-llegaron-salir-barajas/0003\\_202007G14P9991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2020/07/14/sacas-votos-gallegos-venezuela-llegaron-salir-barajas/0003_202007G14P9991.htm)>. Acesso em: 06 out. 2024.
- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA (2009). Galicia, una comunidad que crece de la mano de la inmigración. Disponível em: <<https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/reportaje/galicia-comunidad-crece-la-mano-la-inmigracion>>. Acesso em: 06 out. 2024.
- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA (2022). El número de emigrantes gallegos y gallegos disminuye en 2.349, mientras se incrementó el número de descendientes nacidas y nacidos en el exterior hasta sumar un total de 523.856. Disponível em: <<https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/numero-emigrantes-gallegos-y-gallegos-disminuye-2349-mientras-se-incremento>>. Acesso em: 06 out. 2024.
- SILVA, Érica Sarmiento da. Galegos no Rio de Janeiro (1850-1970). 2006. 499 f. Tese (Doutorado em História) – Faculdade de Geografia e História, Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, 2006.
- VARELLA, Drauzio. Nas ruas do Brás. São Paulo: Companhia das Letrinhas, 2000.

**Eduardo de Martís** Fotógrafo e representante do Proxecto Galicia Latente

## 14. A Galicia do presente: Obradoiro arredor da identidade cultural en Londres

O presente artigo forma parte dos obradoiros que vimos realizando dende o proxecto Galicia latente. Trátase dunha iniciativa para a valorización da identidade cultural galega contemporánea.

Baixo o título “A Galicia do presente” este obradoiro feito o día 28 de setembro do ano 2024 no Instituto Cervantes de Londres, foi pensado para recoller unha percepción da cultura galega alén dos seus lindes territoriais e administrativos, dando respostas así a unha recollida etnográfica para un estudo posterior onde afondar no potencial e na dimensión da propia cultura galega, baixo unha perspectiva da interculturalidade e migración. Adiantar que o presente relato tenta deste xeito poder aportar testemuñas do transcendental momento (ou encrucillada) que está a vivir a cultura galega fronte á globalización cultural que procura roles de uniformidade. Chegamos así ao escenario que nos ocupa de interculturalidade, migración e perdas ou oportunidades de diversidade identitaria e cultural.

Para tentar entender a diáspora galega do presente en Londres compre comezar por sinalar que está representada en dúas agrupacións totalmente diferenciadas por varios aspectos. Aínda que o obradoiro celebrouse coa colaboración e participación maioritaria das persoas que conforman a agrupación REGA-UK (Rede de Galegos no Reino Unido), tivemos oportunidade de ter unha xuntanza informal, un día antes, con membros da outra agrupación pertencente ao Centro Galego

de Londres, e recoller así testemuñas sobre a súa condición de diáspora.

A agrupación REGA-UK caracterízase por estar constituída por unha migración (e non emigración) máis recente no tempo, que dificilmente encaixa na definición de “emigrantes”. Outro factor diferencial e que están espallados por toda a xeografía británica. Tivemos participantes que viñeron de Escocia, Liverpool, Cambridge, Oxford e diferentes puntos de Londres, máis amén non puideron vir membros residentes en Irlanda. Destacar tamén a particularidade maioritaria da súa condición de traballadores en sectores dinámicos (comunicación, mundo académico, tecnoloxías etc.)

No caso das persoas que forman parte do Centro Galego de Londres son xubilados plantexando “o retorno”. Como explican “nin somos aquí nin somos xa daló”. Esta ecuación imposible semella unha balanza estancanda no medio.

O obradoiro coa diáspora galega en Londres comezou cunha explicación do proxecto Galicia latente. Para elo explicamos a importancia de ver a cultura galega máis aló da súa dimensión territorial e administrativa. Partimos de valores e recoñecementos internacionais e interculturais, xerando unha oportunidade de consciencia sobre as grandes aportacións que temos por desenvolver (e desocultar) na cultura galga. Nesta introducción tamén alentamos da interrelación da cultura-identidade-autoestima.

No segundo apartado do obradoiro proxectamos unha peza documental co título homónimo “A Galicia do presente”.

Seguido da proxección diu comezo o debate sobre a identidade cultural que vertebra o proxecto (a etimoloxía entende por identidade cultural cultivar o idéntico, sementar aquilo que nos une). Foi cunha apreciación sobre a importancia da conexión e cohesión social para recuperar va-

lores culturais. Esta apreciación citou a falla de foros como noo que estabamos, para desenvolver a transmisión cultural e o legado. A gastronomía citouse como elemento de unión, de identidade-identitas. Logo saíu un tema máis espeso; o tema das subvencións e houbo disparidade de pareceres no senso de se os proxectos culturais debían de estar á sorte de ter unha subvención das institucións públicas para poder executalos. Enlazada co enfoque proposto saíu a conto a identidade como ferramenta de integración e interculturalidade. Foi unha afirmación que vencella a identidade coa interculturalidade. Propón unir e relacionarse en un plano de igualdade que aporta enriquecemento común. Ao pouco saíu o eido do idioma e comentouse como o contexto onde se moven as persoas inflúe e determina á hora de falar o idioma galego. Seguindo co idioma galego varias persoas advertiron unha perda de galegofalantes. Ao mesmo tempo afirmaron un crecemento de neofalantes. Unha observación de alta sensibilidade dixo que o idioma modula a actitude persoal e aporta personalidade. Puxo a súa filla como exemplo e contou que cando falaba en galego a personalidade era máis agarimosa. Saíu un tema territorial e manifestouse que para moitas das persoas, a pesar de vivir fora de Galicia, seguen a latexar dentro do país. Enlazando coa eucalptización que estamos a vivir, citaron como este fenómeno se sustenta na economía sumerxida, “son cartos fáciles”. Tamén xurdiu a figura das comunidades de montes (o 60,7% do territorio galego componse de monte á vez que as propias comunidades de montes galegas son dos latifundios máis grandes de España). Outra das persoas do debate falou do eido cultural e citou un proxecto intercultural entre Galicia e Portugal que se chama “aRi[t]mar”, que é un proxecto para achegar aos dous países no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz Andrade para o aproveitamento da lusofonía. Outra grande

achega da xornada foi dentro do marco intercultural cando alguén citou a oenegé “Contacto” con sede en Boiro. Ten un proxecto rachador no eido social. Esta ONG presta axuda á comunidade marroquí do Barbanza facilitándolles clases de marroquí en clave de integración intercultural.

Logo dun café/té na harmoniosa biblioteca do Instituto Cervantes metímonos de cheo na procura de “cultivar”. Unha galega de seguida fixo unha terceira vía coa dicotomía de rural/urbán. Propuxo o modelo de vila, xa que según ela é a escala de planificación ideal da harmonía social, dos servizos básicos, e o contacto co medio natural. A lingua galega voltou ao debate no contexto de “cultivar” e a encomenda foi discutir os discursos neoliberais sobre as linguas, cuestionando a dominación da economía e polo tanto da globalización. Outra inqueda propuxo fomentar a figura dos e das neofalantes refrendada nos Faladoiros de Vigo. Unha das recollidas que máis entonou co espírito do debate foi cando plantexaron activar o valor identitario dende a diáspora, entendendo que dende a visión de outra cultura aumenta esta dimensión. Voltou o dioma, cuestionando esa idea de propoñer o idioma como ferramenta funcional. O idioma vai moito máis aló do mero funcionalismo referido a establecer relacións comerciais con outras culturas-paises, “non debemos reducir o idioma a algo funcional, xa que ten moito máis percorrido”. Sorprendente por estar totalmente “latente, oculto”, propúxose rachar o estancamento endogámico e desenvolver as irmandades culturais do pobo galego co mundo celta (Inglaterra, Escocia e Irlanda).

Un aceno exótico pediu perdón por non saber falar galego con soltura, e noutra demostración de ponte intercultural aportou un salto na metalinguaxe do debate dicindo (cun probable costume cultural das súas latitudes) que nos fixáramos no que cada quen pode facer pola cultura e por estar

nesa dimensión. Así, con este final improvisado e co anuncio de Bea de que estabamos enriba da hora alguen dixo “pois a cultivar...”. Deste xeito rematou o debate con algún outro intercambio máis polo corredor do Instituto Cervantes, onde alguén se interesou polo Proxecto Nós, da Universidade de Santiago de Compostela; é o primeiro tradutor neuronal multilingüe feito en Galicia coa voz de síntese “Celtia”. Encarando a saída unha mestra de antropoloxía da Universidade de Sevilla planxou facer un obradoiro para o seu alumnado como exemplo da dimensión da identidade cultural, adaptado á cultura andaluza.

Como aportación complementaria e para tentar ofrecer unha recollida máis completa trasladamos as percepcións que tivemos ocasión de recoller nas conversas con algúns dos membros do Centro Galego de Londres. Como xa adiantamos, a motivación de vivir no UK máis extendida das persoas do Centro Galego de Londres é a descendencia familiar, logo están os negocios, e logo o enraizamento social de “toda unha vida”. Outro rexistro de apreciación desta comunidade son os valores, trasladáronnos un valor case místico en “ser traballadores”, como mostra o sacrificio que fixeron polo común; mercaron por unha fortuna unha propiedade que é agora o local do Centro Galego de Londres. Dicar ao fío deste local, e como mostra dos retos interculturais, que debido a unha diferenza interpretativa das normativas dos dous países (para un país é unha chariti e para outro unha asociación) o Centro Galego de Londres atópase nunha eiva de recoñecemento administrativo. Engadir aquí o reto do relevo interxeracional e o éxito da gastronomía galega en Londres.

Como tránsito entre o debate e o xantar fixemos unha votación de valores. As conclusións remarcán o idioma como o máis apreciado no electorado de Londres, seguido da sociedade e da identidade.

Como peche do obradoiro destacar o xantar que transcurrir recreando unha “litle Galicia”. Un afamado escocés da Universidade de Glasgow alumeounos con “Santiago” en versión bilingüe gaélico escocés, máis “Palmira” en versión das Oxford Panforreiras. O escocés moviu os marcos con “Camariñas”, resoando para sempre aquel “... Camariñas xa me estás camariñando”.

Así pechou o obradoiro en Londres o 28 de setembro do 2024, ou máis ben naciou unha sorte de valor identitario, que ogallá todas as persoas poidan nalgún momento VIVIR

## 15. Conclusións do Informe do Maratón de Galeguidades 2024

O Maratón de Galeguidades é un programa de televisión por internet da Deputación da Coruña, emitido por primeira ocasión en directo o pasado 24 de xullo, entre as 8:30 am e as 20:40 pm. No Maratón participaron máis de 100 persoas, atravesadas interxeracionalmente, por medio de entrevistas e faladoiros encadeados, que comezaron en Oceanía e Asia (8:30-10:40) para saltar a Europa (10:40-15:20), África (15:20-16:40) e rematar en América (16:40-20:30h). Pódese ver íntegro ou por países, na canle de YouTube do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional e na páxina web [galeguidades.hub.gal](http://galeguidades.hub.gal).

O IGADI, que observa o fenómeno da Galicia global desde as súas distintas dimensións (económica, cultural, social...) ten na relación coa diáspora e as migracións galegas unha relación de décadas, arraigada na súa natureza como think tank e a forma xurídica de asociación sen ánimo de lucro desde 1991.

Destá maneira, desde os Foros das Diáspora Galega (México, Cuba, Arxentina e Uruguai) organizados a finais dos anos 90 co goberno de Manuel Fraga, o traballo do IGADI en relación á diáspora visibilízase en edicións especiais do Tempo Exterior, xornadas, actividades ou artigos de análise na web, unha tradición que actualmente proxéctase por medio do noso Observatorio das Diásporas.

De maneira explícita o Maratón apostou por resignificar unha idea aberta da galeguidade no S.XXI. Daí as galeguidades en plural, partindo dunha posición máis abranxente que o concepto xurídico da Lei de Galeguidade de Galicia do ano 2013. O Maratón apostou tamén por identificar as potencialidades da diáspora, como axente para

impulsar a proxección internacional de Galicia e a Lei Galega de Acción Exterior do ano 2021.

**Para que fixemos o Maratón, con quen, que aconteceu, que dixeron, algunhas conclusións despois de máis de 12 horas de emisión?** Toda esta información nutre o Informe do Maratón de Galeguidades accesible para descarga na web, [galeguidades.hub.gal](http://galeguidades.hub.gal).

Publicamos como feche do Informe Nós No Mundo 23-24, as Conclusións do Informe do Maratón, polas súas relevancia.

- » **1.** Agora que a Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027 (EGAEX 23-27)<sup>(1)</sup> ten que ser definitivamente aprobada no Parlamento de Galicia é un bo momento para sinalar o papel potencial da emigración galega, como panca e sustento dunha Acción Exterior que multiplique o impacto das distintas accións que as políticas públicas galegas impulsan para internacionalizarnos. Con ese rol, sen dúbida teremos un axente chave para proxectar a Galicia do presente e do futuro.
- » **2.** En primeiro lugar o Maratón constatou que a emigración galega, lonxe de ser un fenómeno exclusivamente do pasado, representa hoxe unha plataforma estratéxica para a proxección internacional de Galicia. No contexto globalizado actual, estas comunidades, xunto coas novas xeracións, teñen un papel activo que pode ir moito máis alá da memoria, o retorno ou a nostalxia, converténdose en axentes de cambio, modernización e internacionalización de Galicia, as súas cidades, universidades, manifestacións culturais ou empresas. Un exemplo referencial para Galicia neste sentido

(1) Cando a EGAEX 23-27 agardaba a súa aprobación definitiva no Parlamento, a convocatoria de eleccións anticipadas para febreiro do 2024 atrasou a súa aprobación definitiva. O pasado 16 de outubro o DX de Exteriores, Jesús Gamallo, presentou o novo proxecto de EGAEX 24-28, que agarda ser aprobada finalmente no mes de decembro.



é o caso de Irlanda, que conseguiu mobilizar a súa diáspora a nivel global para mellorar a súa proxección e presenza internacional através da estratexia “Global Irish”.

- » **3.** En primeiro lugar, e tendo en conta o mapa actual que deixou o Maratón de Galeguidades, un dos grandes activos que ofrece a diáspora galega é o seu papel na diplomacia cultural. As comunidades galegas no exterior foron e son capaces de manter viva a cultura galega. Non se trata só de celebrar festivais ou xuntanzas, senón de promover a marca Galicia como unha comunidade global, diversa e enraizada nunha cultura rica e propia. Neste sentido, as segundas e terceiras xeracións de galegos no exterior non só poden preservar o legado cultural, senón que tamén poden actuar como unha ponte de diálogo intercultural cos países de acollida.
- » **4.** Desde o punto de vista económico, a diáspora galega xa está a ser un axente clave para a internacionalización das empresas galegas. A través de redes de empresarios e profesionais galegos establecidos no estranxeiro, Galicia pode acceder a novos mercados, facilitar o establecemento de contactos e atraer investimentos. Estas redes permiten que o tecido empresarial galego se beneficie dunha comunidade que xa está integrada en contextos globais, e que, polo tanto, pode actuar como facilitadora de oportunidades para empresas galegas que buscan expandirse fóra das súas fronteiras. O caso da diáspora chinesa é paradigmática neste sentido e da cal podemos extraer novas leccións para desenvolver o noso propio modelo.
- » **5.** Outro punto estratéxico é o rol da diáspora na innovación e o intercambio de coñecemento. A mobilidade global dos galegos deu lugar a unha comunidade diversa, formada por pro-

fesionais cualificados en áreas como a ciencia, a tecnoloxía, a educación ou a cultura. A conexión destas persoas coa Galicia actual, mediante programas de cooperación ou iniciativas de transferencia de coñecemento, pode contribuir a mellorar a competitividade do país nunha economía cada vez máis global e baseada no coñecemento. Galicia debe ver a súa diáspora non só como unha herdanza histórica, senón como un recurso estratéxico para o seu desenvolvemento no futuro, especialmente en sectores innovadores e de alto valor engadido, en liña co novo perfil de persoas emigrantes galegas da Nova diáspora.

- » **6.** Como o Maratón demostrou o mundo actual permite novas formas de proxección que anteriormente non tiñamos dispoñible. Así, a diplomacia dixital é outro campo onde a emigración galega pode xogar un papel fundamental. A través das redes sociais e das novas plataformas de comunicación dixital, as comunidades galegas poden promover Galicia a un público global, difundindo a súa cultura, os seus valores e as súas oportunidades económicas. A tecnoloxía facilita que os galegos no exterior sigan conectados coa súa terra e amplifiquen a súa voz, convertendo a Galicia nunha referencia dentro dun contexto globalizado onde a comunicación dixital é clave.
- » **7.** Por último, debemos recoñecer que a diáspora galega tamén ten un potencial relevante no ámbito político, como xa é obvio en América, mais tamén claro en Europa, onde por exemplo Xenebra conta cun Alcalde galego. As redes de galegos no exterior poden ser activadas para fomentar relacións bilaterais con países clave, fortalecendo as alianzas internacionais. A experiencia acumulada polos emigrantes en diferentes países é un recurso que pode ser mobilizado para mellorar a posición

de Galicia no escenario global, actuando como un nexo de colaboración que amplíe a súa influencia internacional.

- » **8.** Aínda que poda parecer sorprendente, todo isto atópase recollido xa no título X da Lei galega de Acción Exterior, -Novas redes de intereses galegos no exterior. Sen embargo, máis dun trienio despois da aprobación da Lei, o Maratón de Galeguidades da Deputación foi a primeira acción pública ligada á cidadanía en xeral, dunha administración galega en liña con estas oportunidades.
- » **9.** Da mesma maneira, tanto na EGAEX aprobada no 2018, como na nova EGAEX, actualmente en tramitación parlamentaria, as referencias as potencialidades da emigración como panca e sustento da Acción Exterior de Galicia son constantes. Sen embargo, alén da moi interesante reflexión estratéxica que ambos documentos implican, non hai ningunha fórmula operativa para facelo real.
- » **10.** En resumo, a emigración galega non só representa unha herdanza cultural e social de gran valor, senón que tamén pode ser un actor dinámico e versátil, que contribúa á internacionalización de Galicia en múltiples ámbitos. A clave está en activar estas redes, reforzar os lazos coa diáspora e promover políticas que valoricen este inmenso capital humano e cultural. Galicia ten no seu pasado un recurso clave para o seu presente e futuro global.



**WE**  
in the **WORLD** 2024

**NÓS NO MUNDO** **INFORME ANUAL**  
**SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR**  
**DE GALICIA**

Segue ao IGADI en [TWITTER](#) ou [FACEBOOK](#),  
subscríbete ao noso [BOLETÍN ELECTRÓNICO](#)  
na páxina web [WWW.IGADI.GAL](http://WWW.IGADI.GAL) ou [escríbenos a info@igadi.gal](mailto:info@igadi.gal)